A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 22 ● Do 23 ao 29 de xunio de 1978 ● 25 Ptas.

O MILAGRE DA AUTOCURACIÓN



Arteixo

Intereses privados sobre praias comunais

O ESTATUTO

Barreiro Fernández analiza a andadura cara a recuperación política de Galicia e o que foi o plebiscito do 28 de xunio de 1936

Páxina 9

España

Nin federalismo, nin autodeterminación

O consenso constitucional tivo un dos seus ésitos na defensa acérrima do Estado unitario, non reconocendo a realidade plurinacional.

Páxina 13

Invertigación universitaria: ALLEAMENTO E DESPILFARRO



AS SUAS PARTES

A Asociación de Veciños de Barallobre, en escrito publicado en *«La Voz de Galicia»*, denunciou a espulsión do colexio dos Hexágonos por *«Enseñar as suas partes»*. **Probes dos nenos**

que caian nas mans de mestres tan pudibundos e gardas esforzados da moral e os bos costumes. ¿Ou será a envexa e a propia malicia o que gardan?

Ben está abominar do mundo e da carne si un gosta de facer penitencia. Pro, polo menos, que os nenos non señan víctimas de castos e inmaculados capadores, máis conocidos popularmente por burros maliciosos.

PRA CHORAR

Na revista *«Punto y coma»*, adicaselle un recuncho a *«homenaxear»* o Día das Letras Galegas. *«El 17 de mayo de 1863, la cultura gallega conocía uno de los momentos más significativos de toda su historia. Es la fecha de la aparición de «Cantares Gallegos» de Rosalía de Castro.*

Uno de los motivos que más han influido en la realización de los CANTARES GALLEGOS, ha sido, sin duda alguna, el comienzo de la vida conyugal entre la poetisa gallega y el historiador Manuel Murguía; desempeñaba la labor de bibliotecario, por lo tanto tuvo que desplazarse a vivir fuera de Galicia. Todo esto, unido a las dos espinas clavadas por la muerte de su primer hijo y de su madre, obligaron —por así decirlo— a Rosalía de Castro a decir:

Adios ríos, adiós fontes,
adiós regatos pequenos,
adiós vista dos meus ollos,
non sei cando nos veremos.

Parece resignarse la poetisa gallega a abandonar su tierra querida. A partir de aquí es cuendo comienza a prevalecer en Rosalía la «morriña».

Ao ler estas cousas, dan ganas verdadeiramente de abrirlle as bágoas, bágoas de xenreira contra de informadores (?) como o que suscribe es-

tas cursilerías deningrando á nosa Rosalía e argallando unha imaxen de chorona morriñenta, onde somentes houbo unha grande poeta. Os lectores que nona conozan, van pensar que «Cantares Gallegos» é a versión poética de «Simplemente María» e chora que te chorarás, tal é a agudeza deste fino comentarista. Por se acaso, compre clarexar que o corresponsal en Galicia desta revista non é o autor do artículo, así é que o máis probable é que a valoración que fai a copiara o seu autor dunha enciclopedia daquelas que aturábamos na escola e que, ademais de esplicar como comportarse na mesa, de suministrar ampla información sobor da técnica de «llevarle las zapatillas a papá», historias do glorioso Descubrimiento e Conquista de América, ilustraban ao lector cun chisco de esotismo sobor de feitos e persoeiros «vernáculos». En fin, que nunca millor dito aquelo de que o papel tén man do que lle poñen.

A CULTURA DE DON PIO

«El Correo Gallego» do domingo día 18 deste mes, dá a noticia dunha inauguración: *«El ministro de cultura, don Pío Cabanillas, ha presidido esta tarde en Pontevedra la inauguración de la Casa de la Juventud de Forcarey. Aquí —dijo— hay una biblioteca. Quiero deciros que el amigo que nunca falla es el libro. Es la herramienta más importante. Don Pío Cabanillas finalizó con unas palabras de su tío, el poeta Ramón Cabanillas».*

Pío Cabanillas, ao frente do seu Ministerio, está levando a cabo grandiosas realizacións no eido da cultura. De cando en vez, chega de Madrid e pón unha biblioteca, non seña que todo señan banquetes de confraternización caciquil. Si hoxe contamos con libros en galego, é poucas as gracias ao señor Cabanillas, que nembargantes, armándose de valor, chega mesmo a decirlle á xente de Forcarey que o libro é o millor amigo e outras lerias, sin asomo de vergonza.

«Irmáns, irmáns gallegos,
dende Ortegal a Miño,
a folla de ouciño,
fagamos rebrilar».

di o noso poeta Ramón Cabanillas. Cando D. Pío cita os seus versos, a bon seguro que se lle pón a carne de galiña.

PACTAR EN FAMILIA

Celso Montero fai unhas declaracións ao *«Ideal Gallego»*, publicadas o sábado día 17, que en calidade de *«ministro»* de Traballo (?) da Xunta, adianta unhas solucións de piadoso alento teolóxico sobor do mundo laboral: *«Yo no soy quien ni tengo poder para aumentar la productividad en Galicia, pero creo que es necesario aumentarla y el pacto entre trabajadores y empresarios la aumentaría sustancialmente. Este pacto tendría que partir de buena fe y que se fuera cumpliendo paulatinamente, con las cuentas claras por parte de la empresa y un control de esas cuentas por parte de los trabajadores.*

Este sistema —continúa el señor Montero— iría reeducando a los trabajadores y empresarios y la empresa sería como una familia en la que todos conocen los ingresos y los gastos y saben cuando hay que apretar a fondo o cuando hay que aflojar».

Ben se ve que andiveron agudos os que nomearon ao Sr. Montero como asesor teolóxico da preautonomía...

Os resultados á vista están, aínda vén de ser nomeado e xa deu de fuciños coa pedra filosofal, co remedio pra conquerir nas relacións laborais a armonía celestial.

Os traballadores que sigan ao pé da letra os bondosos consellos do Sr. Montero, Don Celso, fabricando xuntamente cos empresarios un fermoso pacto, non conquerirán milloras no seu choio, pro de seguro que cos salarios de fame e o paro que temos en Galicia acadan axiña o Reino de Xosafat. Ningún vicario de ministro aliñou tan ben o pacto social deica a data.

En fin, que xa o saben os traballadores, a pactar sobor do principio da economía social de mercado: as contas claras e o chiculate espeso. Tan claras están as contas que escusado é decir quen vai comer o chiculate.

Do que se trata é de convertir a empresa nunha gran familia, onde todos se queiran moito e todos velen polo patrimonio común; dise xeito, os traballadores e empresarios poderán vivir felices comendo perdices. E todo elo terán de agradecerllo a esa alma cándida que é o Sr. Montero.

A NOSA TERRA A venda en toda Galicia, Oviedo, Avilés, Gijón, Bilbao, San Sebastián, Madrid, Barcelona, Xenebra...



Nome _____
Profesión _____
Enderezo _____
Poboación _____
Provincia _____

Desexo suscribirme ao periódico galego semanal A NOSA TERRA por un ano ☐ por seis meses ☐
Envio o importe (cheque ☐ xiro postal ☐ transferencia ☐)

_____, a ___ de _____ de 197_

SUSCRIBASE, COLABORE COA PRENSA GALEGA

A NOSA TERRA
APARTADO 1031
SANTIAGO

As tarifas dos envíos por ano serán: Galicia e o Estado Español 1.200 Pts., Europa 1.600 Pts., Arxentina 2.300 Pts., USA, Canadá, Africa e Suramérica 2.050 Pts.
Por seis meses as tarifas serán a mitade das anuais máis 50 Pts.

Os problemas da Universidade e máis concretamente a contribución desta institución á esculca sobor da realidade galega, desbordan o interés que lóxicamente suscita entre os propios estamentos universitarios, pra se convertiren nunha cuestión que afecta á todos, porque en definitiva, a situación actual da Universidade remítenos a toda unha política educativa que o Goberno español practica na nosa nación.

Xa vén sendo tópico, e non por eso menos dooroso, constatar que contamos no país cunha Universidade que de galega tén somentes a ubicación xeográfica. Despreciativa frente á realidade nacional, aillada do entorno social, constitúe un modelo do que se adoita chamar Universidade «literaria» e alonxada das realidades concretas. Unha institución, en fin, na que ademais de impartirse un ensino, que por alleo, vólvese incapaz de formar aos profesionais que Galicia necesita pra transformarse, realízase unha pescuda científica motivada pola «aventura do conocemento» e sin aplicación de ningún tipo ao contesto galego, agás honrosas escepcións que se contan cos dedos da man. O feito de que as memorias que recollían as investigacións elaboradas na Universidade e que se encontraban a disposición do público non se publiquen desde os anos 50, non nos impide apalpar a evidencia dunha institución en contradicción co medio nacional e social no que se asenta.

INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA

ALLEAMENTO E DESPILFARRO



CAMBA

ESCESO DE APARATOS SOFISTICADOS, CARISIMOS, QUE DIFICILMENTE TERAN UTILIDADE.

No tocantes á orientación e á finalidade que se lle imprime á investigación na Universidade de Santiago, ollada globalmente, déixase ver a desconesión respecto da agricultura, a pesca, actividades industriais, sanidade, etc., e mesmo as interferencias entre organismos que esterilizan, na práctica, xa hastra a laboura positiva que puidera desenvolver algún dos profesionais que se esforzan nun traballo deste tipo aínda que seña pola sua conta e risco, ao verse sen o apoio da institución, ou mesmo atopándose coa sua hostilidade.

Niste senso, o profesor F. Bermejo apuntaba: *«dentro do departamento de Química Analítica, temos as liñas de investigación pura e aplicada; agora ben, niste intre estamos a ser obxeto de críticas, non podemos chegar a chamarlle estorsión, polo tipo de investigación que diriximos»*. Estas eivas teñen a sua raíz no modelo universitario no que están mergulladas as labouras de investigación. Así o manifestaba o profesor Fierros, do departamento de Edafoloxía na Facultade de Biolóxicas: *«A investigación nas facultades de Ciencias é fundamentalmente teórica, unha investigación pura. O problema é logo saber cal é o posto que debe ter a investigación científica e a universidade dentro do país. Si se está por unha Universidade clásica, entón tén que haber un alto porcentaxe de investigación pura, pero eu entendo que a Universidade galega debe ser esencialmente politécnica. Pra esto haberia que completar as facultades que actualmente esisten con outras xa máis concretas: Ciencias Agrarias, Veterinaria, Ciencias Mariñas, que por propia definición farían unha laboura de aplicación inmediata na realidade galega; non poderían facer, porque sería un despilfarro, investigación sen máis»*.

Sobor desta inoperancia nun campo de tanta responsabilidade social como o é o da investigación médica, afirmóusenos: *«a Facultade de no se preocupa o máis mínimo da investigación elemental a nivel de meiciña preventiva e social»*, o qué singularmente grave *«nun país como o noso que no aspecto sanitario pouco lle tén que envexar aos do Terceiro Mundo. Hai anos que hai focos endémicos de meninxitis polas Rías Baixas, pasa o tempo, morren os rapaces...»* e esto pódese decir doutras nefermedades típicas de países subdesenrolados como é o caso do raquitismo.

EQUIPOS SOFISTICADOS E INÚTILES

Poderíase pensar que a ineficacia na investigación universitaria está condicionada pola precariedade de medios materiais, equipos, etc. pero un análisis máis fondo pón ao descoberto o problema da sua distribución e utilización.

«En términos xerais e facendo unha valoración económica dos equipos de que se dispón, entendo que abondan —dirianos o profesor Fierros—, *pero unha cousa é o volume de diñeiro invertido e outra se os equipos son óptimos prá investigación aplicada que necesitamos. Hai un esceso de aparatos moi sofisticados, carísimos, que dificilmente terían utilidade inmediata; costa máis conquerir un coche pra saír ao agro que un aparato que vale moitos millóns e e cadra é menos útil»*.

Abondando no mesmo, o profesor Bemejo engadiría: *«o que compriría é unha coordinación verdadeira, que non esiste, entre os propios departamentos da Universidade, xa que estamos asistindo a un descontrol total. Si se quere que a Universidade se orga-*

CADRO BRANCO

O día 3 de maio, o «FIESTA PRIMA» entraba nos portos de Rosario e de Buenos Aires coa bandeira galega con estrela roxa, tal e como decidira a asamblea de traballadores composta por mariñeiros galegos e italianos.

CADRO NEGRO

Na zona da Ponte do Pasaxe, Coruña, perto duns bancos de marisco, a contaminación por augas fecales provoca a esistencia de un millón de bacterias Coli por mililitro.

Edita: Promocións Culturáis Galegas, S. A.

Comisión de Fundadores: Acosta Beiras, Xoaquín. Fontenla Rodríguez, Xosé Luis. López Gómez, Felipe Senén. Morales Quintana, Xosé Enrique. Varela García, César.

Director: Margarita Ledo Andión.

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

Redactores e colaboradores: Xosé Ramón Pousa, Xosé López, Antón L. Galocha, Sisto G. Cabana (A Coruña), Lalo González (Ferrol), Paco Arrizado (Lugo), X. A. Carracedo (Ourense), F. Franco, Mario Pousa, Ignacio Briset, Guillermo Pérez (Vigo), Guillermo Campos (Pontevedra), F. Cusí, Emilio Veiga (Barcelona), P. Iparraguirre, L. Auzmendi, A. Amigo (Donostia), María Alonso, L. Celeiro (Madrid), C. Durán, R. Palmás (Londres), Carlos Díaz (Xinebra), A. P. Dasilva (Porto), X. Cambre Mariño, (Puerto Rico), E. Ibarzábal, X. A. Gaciño, Moncho Viña, Jordi Mínguell, Roma.

Diseño e confección: Pepe Barro.

Fotografía: Brais, Piño, Fenando Bellas.

Dibuxos: Xulio Maside, Xaquín Marín, Alfonso Sucasas, X. Carlos. Miguel Docampo.

Redacción e Administración: República de El Salvador, 25, entrechán, Santiago. Tlf. 591821. Apdo. de correos 1.031.

Imprenta: «La Voz de Galicia, S. A.». Concepción Arenal 9-13. A Coruña. Dep. Legal: C - 963 - 1977.

Distribúen: A Coruña, HENCHE, tlf. 207020; Santiago, PRENSA NACIONAL, tlf. 583456; Ferrol, DELTA, tlf. 353992; Vigo, DISTRIBUIDORA VIGUESA, tlf. 414570 - 419186; Pontevedra, SUTIL; Vilagarcía, PAMPIN, tlf. 500829; Lugo, FOLLAS NOVAS, Telf. 217685; Ourense, Vda. de LISARDO; Barcelona, F. RAFALES ARTAL, Telf. 2433658.

CAMBA

FORMANSE UNS PROFESIONAIS DESVENCELLADOS DA REALIDADE E DAS NECESIDADES DO PAIS

nice en departamentos, sobran as Cátedras, sobran os Decanos, porque o departamento sería a unidade básica da investigación e da docencia, como xa acontece noutros países do mundo. Por outra banda, os organismos traballan uns ao marxe dos outros e deste xeito, non esiste coordinación entre o Instituto Oceanográfico, Estensión Agraria, por exemplo, e a Universidade. Chegue con decir que no mesmo eido esiste, por unha banda, o Instituto Oceanográfico e, pola outra, o de Investigacións Pesqueiras».

A UNIVERSIDADE MONTADA SOBRE O DESPILFARRO

E así, resulta tamén significativa a comparanza da Universidade galega coa de países do capitalismo avanzado como é o caso de Catalunya ou Francia. O profesor Fierros analizaría o problema nos seguintes términos: *«Certamente, a Universidade Catalana está máis preocupada polo seu medio. Ahí están o Institut d'Estudis Catalans, Societat Catalana d'História Natural, grupos escursionistas, todo un movemento amplo de achegamento da Universidade e dos universitarios ao medio, aínda que adoita ser un achegamento tinguido de culturalismo en moitos aspectos. De todos os xeitos, hai unha diferencia grande; coido que en Galicia está é unha cuestión inaplazable a facer dende xa. Entendo que é un despilfarro total ter unha Universidade montada con este tipo de investigación e de ensino, que forma uns profesionais desaxeitados da realidade e das necesidades do país»,* inda que a niveis esclusivamente individuais, ás veces fanse interpretacións como as de María Luisa Arese, profesora de Microbioloxía, que non atopa diferencia entre a investigación que facía no Instituto Pasteur, Francia, e o que actualmente desempeña na facultade de Biolóxicas.

MISION BIOLOXICA FEITA PRA O PAIS

A investigación en Galicia, pesie a todo, tén antecedentes históricos que marcan un fito non somente nos achádegos, senón mesmo no vencellamento aos seus usuarios, neste caso a clase labrega galega. Referímonos á Misión Biolóxica de Galicia, no tempo en que a dirixiu Cruz Gallástegui Unamuno, home do Seminario de Estudos Galegos que mereceu as louvanzas de Castelao.

Sobor da sua obra falou con entusiasmo Díaz Fierros: *«foi unha esperiencia moi interesante, porque daquela a Universidade aínda era máis teórica do que hoxe, e o instituto de investigación que foi a Misión Biolóxica era o único organismo que facía o seu traballo vencellado ao entorno de Galicia; por outra banda, tiña a ventaxa de estar apoiada polas Diputacións, que no tempo tiñan unha certa independencia. Si se analizan os traballos realizados pola Misión, vemos que xa están ahí definidas as liñas básicas da rexeneración da agricultura galega. Era unha institución feita polo país e traballando pra o país. Alí traballouse no millo, na pataca, selección dos porcos, fertilidade dos chans..., pero aínda hai máis, porque a Misión encetou unha laboura de espallamento dos seus conocementos aos propios agricultores, por exemplo a traveso do sindicato de compradores de sementes, que introduciu o millo híbrido. Foi unha laboura de achegamento da investigación aos seus usuarios, polo tanto, o que debe ser a investigación en Galicia na actualidade estaba xa agromando nesta institución».*

A INVESTIGACIÓN QUE PRECISAMOS

As perspectivas dunha investigación capacitada pra intervir no desenrolo do noso país, circunscribíndonos a aquelas especialidades que teñen hoxe unha maior transcendencia, irían dirixidas ao sector agrario, pesqueiro e á relación da industrialización cos recursos naturais e medio ambiente. En canto á agricultura, habería que darlle a volta aos modelos de investigación con que se traballa na actualidade, importados e de difícil adaptación ao medio rural galego. Probablemente tería de centrarse na utilización das chamadas tecnoloxías «intermedias», que se caracterizan por aproveitar e valorar as técnicas de cultivo e os productos autóctonos, partir dos ecosistemas naturais pra tirarlle a másima potencialidade, respetando a comarcalización, prevendo a agresión ao medio e contando coas posibilidades reais que teñen os labregos de adeprender as técnicas que se apliquen. Dirixiríase fundamentalmente ao estudo da millora xenética das razas, ao control de pragas e á percura dos fertilizantes máis eficaces e ordenación dos cultivos dacordo cos diferentes tipos de chans.

Nas actividades pesqueiras cobran importancia os estudos ecolóxicos do litoral e das rías hoxe sometidas a un proceso de degradación polos efectos dunha industrialización irracional. Niste senso, Mercedes Casal falaría de que *«a nivel galego falla unha planificación ambiental con estudos ecolóxicos previos dirixidos a minimizar as perturbacións no medio e evitar situacións como a da ría de Pontevedra. Das sustancias verquidas, algunhas son eliminables pero outras, como o mercurio, acumúlanse nos seres vivos e fan que unha gran cantidade de especies non señan aptas pra o consumo por supoñer un grave risco prá saude».*

O CASTRO E SARGADELOS SON CENTROS QUE MANUFACTURAN CERAMICA CON TERRAS GALEGAS E CON IDEAS DO NOSO TEMPO. MAIS TAMEN COLABORANDO CO LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA E O SEMINARIO DE ESTUDIOS CERAMICOS IMPULSAN E ESPALLAN POLO MUNDO O ARTE E O COÑECEMENTO DE GALICIA AO TRAVESO DO MUSEO CARLOS MASIDE E EDICIOS DO CASTRO

Castriz

Defensa popular dunha escola

Dende a Corporación Municipal á pasividade de diferentes organismos da administración española, moitos son os que se entenden entre sí pra opoñerse aos intereses populares en Castriz, no Axuntamento de Santa Comba, A Coruña, ao redor do conflicto que enfrenta aos veciños cun pretendido dono da escola-xardín que a parroquia construiu, co traballo e a aportación de todos, aló polo inicio do século, pra que funcionase ao servicio do pobo como ben de dominio público que é, e non caia nas gadoupas da privatización.

Xa a partir do ano 75, os veciños fixeron causa común frente dun fato de problemas, no centro dos cales veuse situar a recuperación do uso das escolas unitarias pra impartir o preescolar, a raíz da concentración escolar no Municipio de Santa Comba no 76 que as deixou inutilizadas. Diferentes escritos de denuncia foron aparecendo diante da opinión pública ao longo destes anos, ao tempo que se realizaban unha chea de xestións con Educación e Ciencia —pra a reapertura das escolas de Frieiro, Pedreiro, Castriz e Boaña, dado o grande número de pequenos menores de 6 anos que quedaban nas parroquias— ou con Agricultura —en vistas de que na Concentración Parcelaria, de segunda volta, aparecían concedidos a un particular os terreos da escola-xardín de Castriz—. Asimesmo, no ano 77, a Asociación de Veciños pedía a dimisión da Corporación por tomar o acordo de desaloxar as escolas e, segundo as suas declaracións, cederllas aos caciques.

60 ANOS ATRAS

Dende a construcción da escola-xardín, pra reconstruirmos a historia do actual conflicto, os veciños encargaron a unha persoa do seu coidado e conservación, persoa que recibía do Axuntamento certa cantidade anual de cartos en concepto de contraprestación. Estas funcións desempeñáronas varios veciños como Ramón Suárez, hastra 1939, Matilde Suárez, filla do anterior, hastra o 56 máis ou menos e Xosé Vilariño, ex-concellal, e Andrés Pereira, ex-alcalde, que foi ao que lle fixo a cesión a anterior administradora. Xa nos últimos anos, apareceu como administrador Xosé Calvo García, alcalde de barrio e lindante coa escola-xardín, sen que se informara aos veciños deste cambeo, másime porque este señor é o que reclama ese ben de dominio público como da sua propiedade, chegando mesmo a derrubar parte das obras pola sua conta e risco.

Como dato específico, engadiremos que o 19 de febreiro do 69 os veciños recurriron á Inspección de Enseñanza Primaria en vista das afirmacións do entón alcalde, Andrés Pereira, sobre da desaparición da escola e a pretensión do alcalde de barrio de autootorgarse a sua propiedade.

DE ESCOLA A ALMACEN PARTICULAR

Despois de feita a concentración escolar en Santa Comba, asegún nos informan os veciños, a escola de Castriz sofriu o desvalixamento dunha mestra, Rosa Gómez, do Director do Colexio de Santa Comba e do propio alcalde de barrio, que queimaron libros, mesas vellas, levaron as que estaban en bon uso prá concentración e a mestra «regaloulle» un tablón-pizarra ao crego, tablón-pizarra que costearon os veciños. Despois é cando o Sr. Calvo García derruba a parede da escola, a fiestra, os teitos, e mete dentro patacas, leña, os porcos e mesmo o carro. Impide que os nenos de Castriz xoguen no xardín e hastra que as nais leven aos fillos ao local da escola a poñer a vacuna, como sempre se fixera, obrigando a que se desplacen 8 kilómetros. As moitas e diferentes denuncias que levaron adiante os veciños non iban servir pra solucionar nada.

DEMANDA XUDICIAL CONTRA A PARROQUIA

Así as cousas, os veciños deciden ocupar a escola e preparar o camiño pra que se poña a funcionar, xa que son perto de 80 os cativos da parroquia en edade preescolar, dos que 30 corresponden á do lugar de Castriz, ao tempo que impiden que o alcalde de barrio acabe por desfacela de todo. Este feito motivou un acto de conciliación no xuzgado de Santa Comba, derivado da demanda feita polo Sr. Calvo García a 45 veciños, que rematou en desavenencia, como informamos no número 3 de A NOSA TERRA.

Agora a demanda xa é a xuicio declarativo de maior cuantía, contra 44 veciños «y otros que se sientan acreedores a la propiedad de la vivienda de planta alta, salón y finca lindante».

A opinión popular é clara: «demándanos o alcalde de barrio porque, asegún él, lle ocupamos unha casa, cando en realidade foi rescatar a escola-vivenda e xardín da parroquia. Pola documentación que nos mandou o xulgado de Santiago, vemos ben que toda a trapallada se fixo no Axuntamento de Santa Comba, empezando polo ex-concellal e o ex-alcalde do que xa se falou, deica a actual corporación co alcalde Antonio Cousillas á cabeza, o concellal Xosé Gerpe Rama e o propio interesado Xosé Calvo, pero seguiremos coidando da escola, non permitiremos máis asoballo, se fai falla farémoslle guardia e defenderémola pola forza si compre».

Finalmente, engaden que «culpar a 45 da ocupación da casa e a leira é un intento dos caciques pra dividirnos e confundir á opinión pública. A escola ocupámola todos e sobor dela somente podemos decidir toda a parroquia».

crónica política

O grau da cinismo e manipulación a que está chegando o imperialismo e os seus servidores resulta ben sintomático de cal é a contradicción principal no mundo capitalista hoxe. Si por unha banda a práctica contraria aos dereitos dos pobos asoballados é máis flagrante do que nunca, pola outra recúrrese a agachar a esplotación imperialista e colonialista baixo de facianas enxebristas, rexionalistas, autonomistas e mesmo demagóxicamente nacionalistas. E decir, a teoría demagóxica e compensatoria aparece baixo de formas nacionais e nacionalistas. A práctica real, polo contrario, é sucursalista, asimilacionista e irrespetuosa cos intereses das nacións.

APOIO AO «DIA DA PATRIA GALEGA»

Todo o devandito vén a conto pra situar nas suas xustas coordenadas a participación de todo o sucursalismo político, de dereitas e de esquerdas, no que van anomear cun título que non vai ser nin pode ser «Día da Patria Galega».

Esta data, con iste nome, é patrimonio do nacionalismo popular, do nacionalismo anticolonialista, e vén de recibir o apoio da «Carta de Brest», conxunto de partidos nacionalistas e revolucionarios das nacións asoballadas, das nacións negadas da Europa Occidental —Sinn Fein (Irlanda), UDB (Bretaña), ECT (Catalunya Nord), HASI (Euskadi), PSAN-P (Paises Catalans), CG (Gales)— que veñen de manifestarse nos seguintes términos:

«Os partidos que loitamos polo dereito de autodeterminación das nacións oprimidas polos Estados Imperialistas en Europa e no mundo, aproveitamos a ocasión prá denunciar ás organizacións políticas sucursalistas de Galicia —tanto da dereita como da esquerda— na sua maniobra de embaucamento do pobo co Estatuto autonómico, encamiñado a reproducir a dependencia económica, política e cultural».

O PSOE BUSCA COLABORADORES

O entusiasmo polo Estatuto de Autonomía ou conta co apoio de todo o poder colonizador —caso da manifestación do 4 de nadal— ou non pasa de ser unha forzada maniobra dos que ávidamente están á espreita de participacións nos organismos autonómicos, co prestesto de que dese xeito funcionarán millor.

Non é cousa de volver plantexar a cuestión de si o Estatuto hoxe e eiquí non tén o mesmo senso que no ano 36, senón que o que resulta evidente é que en 1978 o Estatuto somentes representa a alternativa neocolonial, encubridora, e así se está a materializar.

E o neocolonialismo chega nesta ocasión do brazo «entusiasta» do sucursalismo de esquerdas, que conta coa aquiescencia interesada e oportunista dun certo sector da pequena burguesía que nos derradeiros anos do fascismo se autotitulara nacionalista, marxista-leninista, revolucionaria. E agora veñen a ser dóciles colaboradores do «Partido Socialista Obrero Español», porque é unha alternativa de poder... neocolonial.

XORNADAS-HOMENAXE AUTONOMICAS

Celebráronse días pasados unhas xornadas encol das Alternativas Autonómicas que, presentadas coma un homenaxe, non son máis que un apoio ao tipo de política enriba referida. Uns arquitectos homenaxean a dous arquitectos coa Autonomía, precisamente días antes da data do 28 de xunio, intre no que se votou o Estatuto. O acto aparece organizado por «independentes» que indubidablemente non o son, táctica á que cada vez se está a recurrir máis pra que non se vexa a verdadeira cara de quen move os fios últimos. Tén especial significado, polo mesmo, a ausencia dun representante de Pueblo Canario Unido, movemento que pertence a unha colonia oprimida polo Estado español.

A CONSTITUCION E A AUTODETERMINACION

O anomeado consenso constitucional é o acordo entre a UCD, o PSOE e máis o PCE respecto de puntos claves pra o sistema capitalista e imperialista, como son: a defensa da economía de mercado, a rigurosa «unidade da Patria», o denominado pluralismo ideolóxico e libertade política, principios todos eles que non veñen máis que a consolidar e lexitimar a integración do Estado español no mundo capitalista da Europa Occidental.

A este respecto, foron dabondo sintomáticas as discusións sobor de si se introducía ou non como dereito teórico o de Autodeterminación dos pobos que hoxe integran o Estado Español. Mesmo contra deste dereito teórico puxéronse o PC, o PSOE, a UCD, AP e, pra colmo de confusionismo, o Partido Nacionalista Vasco afirmou que defendía a inclusión testimonial do término, aínda que non o seu valor constitucional.

Arteixo

Intereses privados nas praias de Alba e Barrañán

Como moitas praias de Galicia, de propiedade comunal, as praias de Alba e Barrañán están a ser esplotadas privadamente sin ver os veciños beneficio ningún. Por iso, a asociación de veciños «Os Brozos», do axuntamento de Arteixo, na Coruña, onde pertencen as praias de que falamos, xa leva denunciado abondo a diversos organismos os casos sen recibir resposta efectiva ningunha.

«Sempre nos falaron ben e déronnos conformidade, pero non fixeron nada». Denuncias á Xefatura de Costas, a Diputación, a Vivenda, ao Axuntamento, á Guardia Civil...

«Legalmente xa fixemos todo». Os veciños de Arteixo asisten decote, indignados, á espoliación duns bens que o son de todos, e o negocio da area, na praia de Alba, e o da construcción do que pode ser unha urbanización, na de Barrañán, continúan, frente á pasividade dos organismos competentes.

«Estamos dispostos a que as praias señan comunais, e ímolas defender con uñas e dentes... Temos de politizar o asunto». A Asociación de Veciños, xunto coa organización patriótica AN-PG van encetar unha campaña de sensibilización popular e ver de tomar as medidas que señan precisas.

«Podemos decir que a característica dos bens de dominio público é a de estar fora do comercio: non se pode dispoñer deles (vendelos, nin hipotecalos, nin donalos, etc.), non se poden embargar, nin espropiar, nin adequerir a consociedade pola posesión continuada, etc. Estas son, ademais, as notas que diferencian estes bens de dominio público doutros bens de dominio do Estado». Isto escribía María Teresa Conde-Pumpido, abogado, na sección «O Dereito e a Razón» no número 8 do noso semanario. E os veciños máis vellos das parroquias de Oseiro e Chavín, ás que pertencen as praias, acordan dende sempre que as de Alba e Barrañán foron comunais.

AREA DE ALBA PRA M.Z.O.V.

«Na praia de Alba, perto da parroquia de Oseiro, alí onde a Térmica de Sabón, xa había dende tempo un señor que quitaba area cunha pala e pagaba por eso un «canon» á Xefatura de Costas; despois, desapareceu o «canon» e seguiron a traballar... A xente opúñase, pero hastra que se formou a Asociación, legalizada por febreiro, non houbo oposición organizada...». Falamos con Estrela Iglesias Pardo, secretaria de «Os Brozos», asociación que conta cuns 300 socios e grande apoio popular sobor de todo nas parroquias rurais.

«Hai un par de anos, somentes había unha pala, agora hai catro e dende hai pouco, meteuse unha máis de MZV, unha empresa que anda a construir a Térmica de Meirama, asegún dixeron os de Oseiro que son quen viven por alí... marisqueo non, non hai nada. Vai pra dez anos, unha fábrica de fariña de peixe que tiña os verquidos fora da lei matou todo, pero a praia úsase, vai moita xente de alí, de Oseiro, de todo Arteixo e tamén veñen da Coruña». Esta praia pode chegar a desaparecer, estana desfacendo coa area que sacan e os movementos de terras. «Claro, así vanse facendo solares, xa se sabe...»

MOITOS MILLONS DE BENEFICIO

Son moitos millóns os que se moven ao mes, porque 5 palas cargando fan uns 100 camións diarios cada unha. Cada camión, pola sua banda, leva entre 10 e 12 metros cúbicos de area. O metro cúbico, en orixe, págase a 50 pesetas, pero na venda pública chega ás 700 e os costes de traslado son mínimos, porque a andadura dos camións é de poucos kilómetros. O marxen, xa que logo, non é nada despreciable, e máis se temos en conta que se trata de empresas prácticamente familiares, quitado MZOV. Estes datos, facilitados a A NOSA TERRA por fontes fidedignas, son o tecido de fondo dunha situación que ben poidera lindar co encubrimento por parte da Autoridade: «O outro día chamei eu por teléfono á Garda Civil pra denunciar que estaban sacando area. Dalí a pouco, viñeron unhas persoas de paisano a avisalos de que se marcharan, e as palas retiráronse. De seguidas, chegou a Garda Civil e xa non había nada».

BARRAÑAN, A ESPECULACION

O 26 de xunio do ano 77 entra en vigor o plan de deslinde, por silencio administrativo, do chan urbano e chan rural no Municipio, e nos planos do Axuntamento apareceu parcelada parte da praia de Barrañán, a máis usada da zona, «e isto non tén razón de ser, porque alí non hai casas pegadas unhas ás outras. Algúns concellais teñen chalets naquela zona e é de supoñer que pra beneficiarse dos servicios que o Axuntamento tén de instalar —alcantarillado, electrificación, pavimentación, etc.— ao declararse chan urbano, inda sin selo catalogouse así; o feito é que xa se levan invertidos varios millóns, concretamente en electrificación, mentras moitas parroquias non teñen nin enerxía abondo».

¿CHABOLAS OU CHALETS?

Pedro Castiñeiras, un veciño que xa morreu, solicitara hai anos na Xefatura de Costas permiso pra instalar un muiño; non se lle concedeu pra eso, e sí, nembargantes pra unha chabola que figuraba como pra gardar aparellos de pesca. Máis adiante, Manuel Losada, esportador de peixe, mercou e desfixo o muiño pra erguer alí un chalet, coméntanos o señor Mouriño, militar retirado, que vive naquela zona. A primeiros do ano pasado, o tal Manuel Losada solicitou ampliación da concesión e déronlla, iniciando as obras de peche ao longo da carretera que vai á veira da praia. Todo semella indicar que se trate de habilitar os terreos pra unha urbanización, e xa empezou a construcción de chalets, acelerándose as faenas últimamente. «Dende que a Asociación de Veciños colleu nas mans este problema, este señor hastra durme alí e deben traballar polas noites» engade Estrela Iglesias.

QUEN UTILIZOU AS FIRMAS DA PARROQUIA

Pero aínda hai máis. A construcción que se anda a facer, incumpre normas da Diputación referidas á conservación da paisaxe e á distancia mínima consentida —18 metros dende a carreteira—, xa que o cercado está a 8 metros. A denuncia presentada neste senso parou a obra, pero por pouco tempo, e entramentras, aconteceron cousas curiosas como as que imos relatar:

Preséntase alguén diante dos veciños de Chavín a decir que viña de parte do «cura de Sésamo» —Moncho Valcárcel— pra recoller firmas nuns papeles en branco e dando palabra de que eran pra tirar as obras feitas na praia. E conseguir conseguiu as firmas de todos. Pero quizabes se trate dunha argallada e as firmas servisen pra avalar unha suposta conformidade da parroquia de cara a que o señor Losada accedera á propiedade dos terreos comunais porque, asegún o Axuntamento, éste tería presentado escritura de propiedade cando solicitou licencia de obras, así como rexistro da mesma na Cámara respectiva. Inda así, o Axuntamento somente pode estender licencias prá construcción de chabolas pra gardar aparellos de pesca.

E entre tantas irregularidades, o que sí está dabondo clarexado é, dunha banda, a intención de usurpar bens comunais en beneficio privado e, por riba, desfacelos coas miras postas na descarada especulación a que estas operacións nos teñen afeitos; e enfrente, a decisión popular de impedir que Barrañán veña a convertirse noutra «Santa Cristina» e de conquerir que, como ben público que é, redunde en beneficio de todos. Un obxetivo que somente organizados podreán conseguir, tal e como afirman.

A Intersindical Portuguesa solidarízase con Corfi

Vai pra aló dun mes que os traballadores de CORFI, Porriño (Pontevedra), esixen a reapertura da fábrica, pechada pola patronal a partir dunha folga de solidaridade con compañeiros despedidos, e que tivera como inicio a negativa empresarial a negociar o convenio colectivo.

CORFI, do ramo de cordelería, é unha empresa de capital portugués da que é propietario o señor Oliveira Viola. Por este motivo, o Sindicato do textil da Intersindical Portuguesa, despois de conversas recéns mantidas coa central galega ING, vai promover accións de solidaridade con CORFI naquel país, accións que irán dende a divulgación do conflicto con comunicados en todas as fábricas do ramo, deica a recollida de cartos prá caixa de resistencia, amais dunha roda de prensa que terá lugar este mércoles, día 21, e na que participarán representantes da Intersindical Portuguesa e da Intersindical Nacional Galega, ING.

A defensa do posto de traballo e a oposición e denuncia da esplotación do capitalismo colonial, enmarcan o conflicto de CORFI, tal e como afirman os traballadores daquela empresa que se manifestaron o pasado venres, día 16 no Porriño, manifestación que recollemos gráficamente; defensa do posto de traballo que se reproduce en Ascón, Regojo, e tantas e tantas empresas do noso país nestes intres.

ALBAN-CARBALLA

O dereito á formación profesional somentes se pode entender como efectivo si se vencella á garantía doutro dereito fundamental: o dun posto de traballo digno na propia Terra. Pero nin o un nin o outro son realidade no noso país, xa que aos traballadores galegos, coma ben dí Elena Veiguela, profesora numeraria da Universidade Laboral da Coruña e presentante da UTEG-ING, «cualifícannos prá emigración e os técnicos siguen a vir de fora». E así o afirmou, sin ningún recato, o Ministerio español de Educación e Ciencia: *«Es importante la formación de los emigrantes, especialmente en su aspecto profesional. Esto obligará a especial consideración al planificar las especialidades a impartir en los centros de formación profesional»* (Planificación de la Educación en Galicia, páx. 153, Madrid 1970) que nas suas estadísticas do ano 75 decía tamén ben claro que por cada 16 rapaces que empezan FP1 no Estado, 1 é galego pero que ao chegar a terceiro de FP2 a relación xa é de 42 pra o Estado e 1 pra o noso país.

ELENA VEIGUELA

«A Formación Profesional ensinou a emigrar»

M. LEDO

¿Qué opcións tén un rapaz galego hoxe cando remata E.X.B.?

Se non tén o título de graduado escolar necesario pra facer B.U.P. e quer seguir estudanto, tén de facer Formación Profesional de primeiro e segundo graus, xa que o terceiro non se imparte en ningures pola grande protesta que no seu intre houbo por parte dos inxenieiros técnicos de grau medio e peritos, pois verdadeiramente non se sabía moi ben o espacio na cualificación que iba ocupar iste terceiro grau: un estudiante que recibise os correspondentes ensinos teóricas e prácticos durante os tres anos, estaría ao mesmo nivel que os inxenieiros técnicos de grau medio e peritos.

¿O salto de octavo de E.X.B. a B.U.P. ou F.P. pode ser un índice da carga selectiva do ensino en Galicia?

O feito de non acadar o título de graduado escolar débese a un retraso na escolarización sin ningunha dúbida, retraso debido a problemas socio-lingüísticos, de ubicación xeográfica, económicos, e ao nivel cultural no que se move o rapaz; con todo, coido que o factor decisivo é a falla de preescolar, porque un neno que vai por primeira vez á escola e tén de recoller unha serie de contidos pra superar unhas probas que, polo demais, non están adaptadas ao medio no que o neno se desenvolve, este neno, xa que logo, leva un atraso nos cursos e non pode outer o título de graduado. Ou seña, que a unha selectividade académica engádeselle unha selectividade económica, xa que un rapaz que se atope nunha zona de Galicia onde non esista un centro de B.U.P., non poderá cursar os seus estudos si non dispón de medios económicos. Por outra banda, a F. P. non presenta tantos obstáculo en canto a ubicación xeográfica, porque proliferou dabondo, sobor de todo a privada, e mesmo se crearon centros por organismos como Obra Sindical, Ministerio de Agricultura, Instituto da Marina, etc...; entón, os nenos de familias económicamente en precario, víronse empurrados cara F. P.

A alta proporción de abandonos nos primeiros cursos, ¿a qué se debe?

Os rapaces e os pais miran a F.P. como unha prolongación da escolarización, porque son rapaces moi novos, de catorce anos, que inda non poden emigrar nin entrar a traballar de aprendices ou de pinches. Si aprende un oficio, ben, e senón, ao fin e ao cabo cando vaia a unha empresa tampouco lle vai servir de moito, porque aos empresarios o que lles importa é si o rapaz é espabilado e dá feito o traballo; mesmo prefiren un rapaz que teña traballado no seu taller. Aínda que a «Ley General de Educación» di que F. P. vai dirixida á formación integral do alumno, ao non haber unha serie de prácticas nas empresas, a cualificación é deficiente, e de ahí que ao patrón lle interese cualificar aos aprendices no seu propio centro de traballo. Si as empresas que esisten no noso país fosen máis progresivas, interesaríalles que os obreiros non somente fixeran un traballo mecánicamente, senón que estivesen capacitados pra asimilar as distintas transformacións da técnica. Esto esixiría outra formación, outro enfoque na cualificación que non reciben os rapaces que entran de pinches nas empresas. Ademáis, como as empresas funcionan con patente estranxeira, non teñen laboratorio nin departamento de investigación; desa patente vén a instrucción, veñen os técnicos que farán que eses aprendices señan os obreiros mecánicos de sempre.

¿Qué características teñen en Galicia o sector estatal e o sector privado da F. P.?

A F. P. estatal conta con boas e costosas instalacións, pro non conta co mantimento delas. Pode haber moi bós tornos, pro fai falla material pra traballar neles, ou senón, é como si non os houbera.

Á privada non lle interesa invertir en infraestructura, somente lle interesan as ganancias e por eso domina en sectores como a F. P. administrativa, delineación, e especialidades deste tipo que non supoñen grandes gastos na inversión. Os centros de electrónica, construcción metálica, o frío, son os estatais.

¿Qué tipo de F. P. sería necesario no noso país orientada a fomentar un tipo de industria, agricultura, pesca, axeitada ao desenvolvemento do noso país?

Non é un problema dun remendo técnico, porque coa política industrial que se aplica en Galicia, a F. P. non tén senso; acó as industrias son de primeira transformación, e onde a F. P. sería necesaria é de cara á cualificación dos traballadores prás últimas fases de transformación e sobor de todo prás industrias ausiliares.

Si se chegase a planificar doutro xeito, habería que atender ás posibilidades de integración nas distintas situacións técnicas e defender asimesmo o punto de vista humano, porque un rapaz que escomence a traballar precisa dunha cualificación profesional, pero tamén dunha formación intelectual sólida. O ciclo de ensino tería que rematar aos dazaoito anos sin distinguir entre ramas académica ou manual e recibindo ao remate todos o mesmo título, co que poder optar por seguir os estudos universitarios ou ben un ensino técnico especializado. Habería que darlle a volta á planificación do ensino globalmente, e sobor de todo da F. P., pra que os traballadores tivesen capacidade de intervir e facer aportacións á planificación do proceso productivo, ser algo máis ca un número.

Entón, esta alternativa de ciclo único que contempla a combinación da formación teórica coa práctica, ¿opónse ao principio de F. P. a cargo da empresa?

En realidade esta alternativa é unha aberración, porque á empresa que imparte F. P. pola sua conta o que lle importa é o másimo rendemento e non a verdadeira formación á que tén dereito o aprendiz. De feito, a F. P. xurdiu como recambio á maestría industrial da man dos tecnocrátas, nun intre en que pretendían a homologación con Europa a nivel de técnicas avanzadas, competitivas, etc... aínda que somentes se quedasen no intento.

Moitas veces tense dito que a F. P. é un ensino en función da emigración, ¿ti qué opinas desto?

A cantidade de nenos que cursaron F. P., era evidente que non iban ter onde empregarse, así é que esto estaba programado —hai documentos que o acreditan—, porque na mesma «Ley General de Educación» e no capítulo da F. P., fálase de que en Galicia tén de terse en conta o grau de emigración e a formación que se imparta terá de mirar esta saída. Así de descarado.

¿E a F. P. de adultos?

Na F. P. 1 aínda se pretende impartir un ensino integrado, pro a F. P. de adultos é xa claramente formación acelerada que se organiza somentes cando hai demanda de man de obra sobor de todo de cara a emigración; por unha banda, cualfícase un mínimo á xente pra emigrar e pola oura, ás empresas galegas veñen técnicos de fora.

E no referente ás Universidades Laborales, ¿con qué base se montaron e con qué medios contan hoxe?

A primeira en Galicia foi a Universidade Laboral da Cruña, cun eixo fundamental nas súas actividades, o marítimo-pesqueiro, esto en función da forte demanda de man de obra que había pra os conxeladores, «Grand Sole«, etc.

¿Qué tipo de estudios se fixeron?

Ningún estudio que servise pra tomar posición nin sobre as 200 millas, nin sobre o destrago da pesca de baixura, por citar exemplos de hoxe, o cal pode serivr de índice pra ver como funciona o eixo da Universidade Laboral da Cruña—. Por oura banda, nunca chegou a contar cos estudos de inxenieiros de grau medio.

¿Qué tipo de alumnado acude á Universidade Laboral?

O do bachillerato é maioritariamente de fora, o de F. P. é de acó. A razón desto está en que pra ter unha beca de interno, hai que ter unha nota media superiror que pra estudar de medio-pensionista, onde a selección é menor e posibilita o acceso aos alumnos galegos, aínda que actualmente trátase de rapaces mediopensionistas do entorno, que van e veñen en coche todos os días. E a Universidade Laboral, sabendo o baixo nivel —ás veces sin certificado de estudios primarios— dos mediopensionistas, nunca se preocupou de darlles un ensino especial frente aos que veñen por exemplo de Cheste (Santander), que están millor escolarizados.

E no tocantes ás Universidades Laborales de Vigo e Ourense, ¿cál é a situación?

En Ourense, o dato máis significativo é que se programou nos anos 60 cando a emigración a Europa estaba en auxe, o cal danos unha idea do fin que se persequía.

A de Vigo pensouse despóis das folgas do 72, e os rapaces din que as Universidades Laborales se crearon pra controlar e desclasar á clase obreira dándolle a un sector dela determinado tipo de situación: cumprirían, pois, unha función represora. Voltando á de Ourense, compre suliñar que unha das suas especialidades é a electrónica e o automovilismo, cando en Galicia non hai industrias que absorban man de obra en electrónica, e, así, moitos dos que estudaron esta especialidade andan agora de electricistas coas empresas da construcción. Si miramos o tipo de promoción que fixeron dos fillos dos traballadores, vemos que foi mandar man de obra prá emigración.

resumes

● BOMBEIROS PRA MONFORTE

A necesidade dun servicio de Bombeiros na vila de Monforte de Lemos, Lugo, considérase como urxente pola AN-PG daquela localidade, que se dirixiu ao Axuntamento pra que corra coa organización e dotación deste servicio. Na instancia remesada á Corporación, a AN-PG argumenta sobre da importancia do Servicio de Bombeiros, «tendo en conta o número de habitantes da bisbarra, a cantidade e a importancia dos incendios que se produciron nestes derradeiros anos e a que as construccións do casco antigo son vellas e arden con facilidade»

● CONTRA AS VIOLACIONS

A Asociación Galega da Muller promoveu unha manifestación contra as Violacións, o sábado 17 de xunio, na Coruña. Neste senso, nun comunicado da responsabilidade da AGM en Santiago denúnciase as agresións que diaria e continuamente «vivimos e sofrimos as mulleres nas ruas, na publicidade, nos medios de comunicación —Cine, TV... — nos centros de traballo... E destas agresións, facer especial fincapé naquelas que son a meirande espresión da violencia que lista sociedade machista e os homes, exercen sobor da nosa libertade, sobor do noso corpo: A violación».

Despois de referirse as dificultades con que se atopan as denuncias legais dos casos de violacións, convertíndose ás veces en denuncias contra das mesmas mulleres, afirman: «estamos fartas de que se nos considere e se nos trate coma imbéciles e como obxetos-cousas. As mulleres somos personas e esiximos ser tratadas coma tales».

● PECHE CON SALARIO INTEGRO

A fábrica de confección «San Remo», de Villalba, Lugo, plantexou no mes de febreiro un peche temporal, alegando falla de pedidos, e dando como solución que as traballadoras se acollesen ao subsidio de desemprego. Xa naquel intre, a Intersindical Nacional Galega, ING, con presencia maioritaria na fábrica, fixo a contraproposta de que se seguise a traballar con xornadas reducidas e co cen por cen do salario.

A empresa, co apoio da central sindical CC.OO. á que está afiliado o propio xerente de San Remo, non admitiu a proposta da ING e levou adiante o peche da fábrica, inda que, según fontes fidedignas, seguiu a traballar clandestinamente en «City Down», fábrica do mesmo grupo, onde a afiliación é fundamentalmente das CC.OO.

Presentada a correspondente denuncia na Delegación e Maxistratura de traballo, ésta fallou a favor da posición das traballadoras que coincidía coa defendida pola ING, obrigándolle á patronal a abonar o 25 por cen do salario que non queda coberto polo seguro de paro, percibíndose, polo tanto, o salario íntegro.

Vigo

Sube o Vitrasa

O informe da Corporación Municipal de Vigo que con data 31-1-78 se lle remitiu ao Gobernador Civil, pra que éste dictaminara sobor da comenencia de autorizar á Empresa Vitrasa o aumento das tarifas do servicio de Transporte Urbano a once pesetas, vén de ser aprobado pola Comisión Provincial de Servicios Técnicos, non facéndose agardar a aplicación práctica do acordo.
Así, a Empresa percibirá 1,65 pts. de beneficio por cada vigués que suba aos vellos e descoidados autobuses, moitos dos cales teñen matrículas que non chegan á PO-60.000, e cun historial nas suas costas de máis dun millón de kms. A rentabilidade da esplotación, obxetivo único da Empresa, alonxa todo parecido ao que debía ser un servicio público.

Unha vez máis, quedou bulrada a manifesta oposición das organizacións populares e de veciños que, insistentemente dende o Pleno de Xaneiro, esixiron o melloramento do servicio como condición previa a calqueira proposta de suba. Realmente, ninguén contaba con que a Empresa saíra tan favorecida, xa que dadas as deficiencias que presenta o servicio, o menos que se agardaba era que, públicamente, quedara obrigada a instalar marquesinas nas paradas, poñer en servicio novas liñas prás barriadas actualmente incomunicadas e que ofrecera bonos e pases pra os traballadores, estudantes e xubilados. Estas eran as principais reivindicacións asumidas polas AA. de VV. e que se solicitaron insistentemente.

MUNICIPALIZAR O TRANSPORTE

Se cadra, quen máis intensamente mantivo esta prolongada oposición á suba sin condicións, agora consumada, foi a AN-PG, organización que xuntou sete mil firmas apoiando os puntos detallados, pra entregarllas ao Gobernador Civil, que nonas quiso recibir ao aplazar a entrevista concedida previamente.

Protestando por este feito, a AN-PG remesoulle unha nota á corresponsalía de A NOSA TERRA, na que entre outras consideracións referentes á necesaria Municipalización do transporte urbano, da man dunha Corporación que defenda os intereses populares dice: «...máis valería que o Gobernador, en troques de comportarse coma mero coordinador das forzas policíacas (Ascón, Corfi, Autopistas, Matamá, etc.) se dedicara a facer valer o seu cargo de Presidente da Comisión Provincial de Servicios Técnicos pra escolarizar ás decenas de milleiros que nesta Provincia están sin plaza, ao tempo que un millar de mestres están sin traballo, ou mesmo que ofrecera indemnizacións e asistencia sanitaria ás ducias de veciños de Matamá afectados de bronquitis e outras doencias a causa do ilegal funcionamento do vertedeiro, agora clausurado, e que durante 13 anos foi unha monumental mostra de como un Gobernador Civil pode incumplir as leises que teóricamente debía facer cumplir a todos os demais...»

Os suspensos, outra forma de selectividade

Unha comisión da asamblea de alumnos da Sección delegada da Facultade de Meiciña, entrevistouse co Director-Comisario da mesma de cara a espoñerlle unha restra de problemas como son a acumulación de materia no remate do curso, concretamente en Biofísica, a falla de prácticas en Bioloxía ou situacións como o cambeo de horario dunha clase, decretado polo profesor, pra ver os Mundiales de Fútbol. O móvil inicial desta entrevista foi o alto índice de suspensos en Bioquímica —450 presentados, 35 aprobados— que os alumnos consideran unha consecuencia da falla de planificación e da acentuación dos criterios selectivos que padece a Sección.

POSICION DE ERGA

Pola sua banda, a organización estudiantil ERGA vén de denunciar as mostras de marxinación e discriminación que pesan sobre dos alumnos da Sección delegada: «Ó longo de todo o ano académico, o único que vimos por parte das autoridades do MEC, foi a sua teima por deixar na «cuneta» (término coidamos que moi esacto, dado o carácter competitivo que a selectividade irracional do MEC impón ao ensino) aos alumnos que, contra do seu desexo, se viu obrigado a admitir pola loita que se levou contra da selectividade en Meiciña» engadindo que en calquer caso o número de suspensos «poñería moi en dúbida a capacidade pedagóxica do profesor correspondente».

RESPONSABILIDADES AO MEC

Sobre os resultados da entrevista co Director-Comisario, a asamblea de alumnos informou que éste limitárase a confirmar o seu apoio ao profesor de Bioquímica, Sr. Sueiras, interpretándoo como algo lóxico xa que «este último colabora co Sr. Concheiros —Director-Comisario— na sua política esperimental da docencia, política que está a levar connosco e na que non xogamos máis papel que o de coellos de indias. É interesante resaltar a pouca atención que o Sr. Concheiros (supostamente demócrata) lle presta a calquer tipo de presión por parte do estudantado, reflexado no que dixo diante da comisión de alumnos: podeis hacer lo que querais, huelgas, jaleos, e incluso quemar la Facultad, que yo no pienso moverme».

Así as cousas, os alumnos emplazan ao MEC a que se responsabilice dunha pronta solución.

Santiago:

Queremos participar no presuposto municipal

As Asociacións de Veciños dos barrios de Santiago, que dende hai tempo veñen denunciando situacións como a da empresa de transportes TRAPSA —mal funcionamento nas liñas, horarios desaxeitados, falla de marquesinas e de billete obreiro e escolar... — ou da concesionaria da recollida de basuras «El Sol», esixiron ter conocemento do presuposto municipal previo á sua aprobación e neste senso remesaron unha carta á alcaldía pra se lere no Pleno do martes, día 20, ao que asistiron máis de 100 persoas das diferentes Asociacións. O alcalde, por suposto, fixo caso omiso desa carta, que non se lle presentou ao Pleno, e os veciños aturaron entroques a lectura dun Presuposto no que o Municipio se sigue a hipotecar, sigue contraendo deudas, sin que se clarexase nada de utilización popular do diñeiro. Inda que no Pleno oficial non fose posible, desque rematou os veciños e de propia voz, deron lectura á carta enviada, entre os avisos da Policía Municipal pra que abandonasen o edificio. Xa diante do Axuntamento, houbo unha concentración na que se pediría a dimisión da Corporación hastra que a Policía Armada fixo acto de presencia e deu 7 minutos pra desaloxar.

A NOSA TERRA
PERIODICO GALEGO SEMANAL

(Con ocasión do 42 aniversario do Referéndum do Estatuto)

O LONGO CAMIÑO DA RECUPERACION POLITICA DE GALICIA

XOSE RAMON BARREIRO FERNANDEZ

Pra moitos, a historia da loita galega pola sua recuperación política tén unha data ben precisa: o 28 de xunio de 1936, cando a maioría absoluta do país votou en favor do Estatuto. E certo que xamáis estivo Galicia máis perto de conquerir un réxime autonómico conquistado, pro isto non pode facernos esquencer que o Estatuto, acontecemento por outra banda estéril nos seus obxetivos inmediatos, non foi máis que unha etapa no longo camiño da nosa recuperación política.

Aproveitando a invitación que me fai a redacción do semanario A NOSA TERRA, único medio de información que mantén unha liña nacionalista coerente, no medio de tanto fraude, quero facer unha reflesión histórica sobor dese longo camiño xa andado.

Unha das cousas que a metodoloxía histórica tén hoxe resolto é o papel que compre darlle ás ideoloxías no contesto estructural dun acontecemento ou dun período. A ideoloxía perdeu aquel senso sagro que tiña como espresión que se creía dunha testa privilexiada, pra pasar a ser o que é: a segregación, a nivel de pensamento, dunhas forzas subxacentes motivadas polo interés. Desta maneira, o análisis da ideoloxía a nivel histórico vaise facendo máis sinxelo. Xa non compre perseguir a xenealoxía das ideas, xa non compre puntualizar, por exemplo, en qué grado Brañas é debedor de Le Play, Perin ou Donoso Cortés. Abonda con preguntarse **quen son** pra saber **onde van** e **qué queren.** Por todo isto, a pregunta que tén que facerse o historiador con respecto ao movemento galeguista é a seguinte: Quen foron os que nutriron o galeguismo. Sabido isto, xa se pode deducir o que fixeron e pra qué o fixeron.

1.—As primeiras xeneracións galeguistas, as de Faraldo, Rúa Figueroa, Romero Ortiz, Neira de Mosquera, Camino, Vicetto, Rosalía, estiveron nutridas por intelectuais mozos procedentes da fidalguía galega. O seu compromiso de clase invitábaos a loita por unha Galicia desenrolada económicamente, máis industrializada, recoñecida no concerto español das nacionalidades. Fan a loita de cara ao estado central, ao que acusan de non atender axeitadamente a Galicia nos seus presupostos anuais e na sua política econónica. Pro istas xeneracións non defenderon unha reforma agraria, non falan da liberación da clase labrega nin da liberación dos mariñeiros das poutas dos foreiros e dos cataláns, non denuncian a usura da que os seus pais sacaban os cartos pra que eles estudaran na universidade. Era un galeguismo, xa que logo, socialmente conservador, económicamente mínimamente reformista e soio políticamente revolucionario ao pedir unha autonomía que naqueles anos era algo inaudito.

2.—O federalismo galeguista (1868-1887) estaba formado pola clase media e pola mediana e pequena burguesía. No estatuto que elaboran (as ideas iniciais son de 1873, a sua redacción primeira do 1880 e a aprobación do 1887), Galicia é un Estado soberano (arts. 1 e 22). Conforme aos seus intereses de clase programan a reforma agraria. A terra tén un alto valor, e é xusto o momento de invertir nela. Compre, xa que logo, convertila nun valor comerciable. Pra elo, compre eliminar o foro. A reforma agraria que os federalistas galegos conquiren en 1873 (coa lei de redención foral) vai neste camiño. A fundación dun Banco Hipotecario que concedera cretos pra mercar o labrego a sua terra, é o segundo paso pra conquerir o trámite da nosa agricultura precapitalista a unha agricultura capitalista. O fracaso do partido levou consigo o fracaso do plan. Aquel galeguismo foi social e económicamente reformista, e políticamente revolucionario ao pretender sentar as bases dun goberno autonomista e soberano.

MANUEL MURGUIA

ALFREDO BRAÑAS

ANTONIO VILAR PONTE

ALFONSO CASTELAO

3.—A dereita galega, que se decata da posibilidade de que os grupos máis radicais aproveiten no seu favor a latencia galeguista do pobo, xira dunha maneira clara de cara o galeguismo, Os grandes terratenentes, que constituirán a cerne do rexionalismo de finales do século XIX, afectados pola crisis agraria de 1885, e seguintes anos, inicia unha acción de defensa dos seus intereses de clase, percurando unha autonomía que non signifique outra cousa que a libertade pra facer unha política económica axeitada aos seus intereses. Non di outra cousa Brañas, o lúcido líder rexionalista, cando en 1892 publica a sua obra «La crisis económica y la descentralización regional».

4.—Os membros das Irmandades da Fala e do Partido Galeguista procedían da mediana e pequena burguesía. Ven a Galicia con ollos de intelectual. Estudaran nas mellores universidades e tiñan unha grande cultura. Eran da mediana e pequena burguesía. Querían unha Galicia autónoma, dentro do «Estado integral» da España republicana. Querían unha industria galega, que o capital galego dinamizara a nosa economía e pra esto compría que Galicia, ou seña, eles, poideran orientar a política económica do noso pobo, por suposto dentro dunha filosofía do liberalismo económico.

Despois dunha magnífica propaganda, facilitada polo apoio interesado dos partidos centralistas, conqueriron que a masa popular votara masivamente o Estatuto que preparan. Un Estatuto posibilista, mediocre nos seus obxetivos, de miras moi curtas.

5.—Despois desta andadura polo camiño do galeguismo de loita, parece que xa se pode deducir que o pobo galego, que mantén inconscientemente unha evidente latencia galeguista, (¿cómo se pode esplicar senón que seña o pobo quen manteña o idioma, as nosas leis, o ritmo propio da vida galega?), non atopou en ningún grupo ou partido político a canle axeitada que recollera os seus anceios máis fondos. Porque se no 36 votou masivamente, non se pode pensar que no 36 fora masivamente do partido galeguista.

6.—Pra rematar compre facerse a derradeira pregunta **¿E hoxe quen son os galeguistas?** Pra respostar, compre por un principio de decoro, non mesturar os grupos. Voume referir ao galeguismo de arco iris que apareceu na víspera das derradeiras eleccións de xunio de 1977 e que se reproduce como un milagre a medida que xurden novos postos que cubrir pra resolver o que chaman «el gran problema de Galicia». Ese galeguismo de onte e de hoxe é un cefalópodo dunha especie que xa creíamos estinguida. Nese galeguismo conviven mesturados os que aínda non hai tres anos comían no piote do franquismo, os que gobernaron o país como fillastros de Carrero, os que aínda hoxe cobran a sua boa soldada do sindicato estinguido, os que cansos de zugarlle aos labregos ao traveso das Cámaras Agrarias hoxe percuran un retiro apacible nun sillón da Xunta *«para resolver el problema de los pobres gallegos»*. Non é necesario perguntar onde van nin qué queren. **Abonda con saber quen son.**

Afortunadamente pra Galicia e prá nosa dignidade política, aínda hai outro galeguismo...

historias de esmagados

Por X. MARIN



«Atópase este santuario no concello de Silleda. Da sua orixe refírese a seguinte historia. A mediados do século VIII, vivía nunha cova do monte Carrio un santo ermitaño moi devoto da Santísima Virxe, en cuia loubanza botaba pláticas ós labregos que o viñan escoitar. Morreu santamente e dalí a algún tempo atoparon o seu corpo incorrupto e non se astrevendo a profanalo levándoo pra outro sitio, alí mesmo lle fixeron unha capela, que foi chamada **do Corpiño.** Cando chegou a invasión dos alarbios, e os cristiáns tiveron que fuxir, a capela abandoada chegouse a esborrallar, e non quedaron alí máis que unhas pedras cobertas de silveiras e de ortigas. A mediados do século XII eran os pastores os únicos que sabían do sitio. Un día, polo mes de San Xoán, andaban por alí co gando uns pequenos: viron que se cobría o ceo de súpeto, e procuraron achego nas ruiñas contra do trebón que semellaba vir. Ó entraren víronse envoltos nunha craridá que non parecía deste mundo, e aparecéuselles a Virxe co Neno Xesús no colo e cun ramo de fores na mau dereita. A aparición repiteuse máis veces e, por fin, enterada a xente, foron todos co cura e determiñaron de construir alí un santuario, onde axiña escomenzaron a darse moitos milagres. A aquela Virxe chamáronlle a **Madre de Dios do Corpiño**».

Vicente Risco Etnografía, en «Historia de Galiza» Nós, Buenos Aires

O MILAGRE DA AUTOCURACIÓN

Moitas xentes populares han ir quitar o demo do corpo este domingo ao Santuario do Corpiño. Moitas xentes populares antre os que se misturarán curiosos e feirantes, moitas xentes que teñen andado hastra 20 kilómetros, chegado nas vísporas a facer noite ao pé do monte ou na carballeira «chaira como a palma da mau», xa coas bandas de música a facer tempo.

O reconocemento popular de que esisten doenzas máis alá das esclusivamente físicas, doenzas psicolóxicas, transtornos dos que as causas son mesmo difíciles de razonar pero que están ahí e compre apandar con elas, manifféstase lisa e puntualmente en lugares coma o Corpiño, na parroquia de Losón, neste caso coincidindo co solsticio de vran, despois da noite máis curta do ano, a noite de lume ou de San Xoán.

VANSE CUMPRINDO PENITENCIAS COMO A MORTIFICACION DO PROPIO CORPO, ESPECIES, CARTOS QUE SE LLE POÑEN NO MANTO Á VIRXE...



MANUEL VAZQUEZ

Porque si o orixe dos transtornos «nerviosos», como se lles adoita chamar, tén componentes complexas que o pobo resume en palabras tales como meigallo ou endemoniado, o xeito de ceibarse deles tampouco podía ser razonado senón mítico. E o pobo recurre e mantén o ritual como un mecanismo compensador, como un mecanismo de apoio e de solidaridade, poderíamos decir, como un mecanismo que axuda a sublimar o que está máis alá dunha esplicación que se poida apalpar dende a cabeza aos pés cando recurrir á argumentación científica non é posible.

E a carón do reconocemento popular dos desequilibrios do pensamento, das cousas da cabeciña, a institución que pón o escenario e cobra a entrada, ben amparada pola lei, pra que no solsticio de vran, cando as colleitas andan a escomenzar, moitas xentes das clases populares veñan ao Corpiño, que o meigallo deixe a un en paz e poida integrarse, outravolta, no cotián.

OFRECER O CORPO, CARTOS, ESPECIES

«Van de Chantada, Ordes, Arzúa, Aranga, Monforte, Betanzos, Santiago, A Cruña, O Ferrol, etc. É costume de iren primeiro aos Desamparados de Silleda e dalí ao Corpiño. Van moitos ofrecidos pra curaren de moitas doenzas, especialmente da **gota** (epilepsia), do **meigallo,** do **ramo cativo** ou **endiañamento** e de enfermedades dos nervos, hastra da tolería».

Ao longo de toda a mañá, no Santuario dinse misas e vanse cumprindo penitencias que quizabes ún ofreceu de vello, penitencias que poden referirse ao propio corpo, pro exemplo, indo descalzo ou de xoenllos, ou que se pagan en especies —chourizos, xamóns, etc.— e en milleiros de pesetas, pesetas que cubren de todo o manto da Virxe cando despois da misa maior, á que asisten os ofrecidos pra que o demo lles saia do corpo, sal en procesión.

MANUEL VAZQUEZ

O RECONOCEMENTO POPULAR DE QUE ESISTEN DOENZAS MAIS ALA DAS ESCLUSIVAMENTE FISICAS MANIFESTASE LISA E PUNTUALMENTE EN LUGARES COMA O CORPIÑO

Cada ano, asemade, no Santuario faise unha pequena reforma e a Santa tén un manto novo... a xente fica contenta.

O DEMO EN FIGURA DE NOVELO OU OURIZO

A misa maior, a dos enmeigados, é a dos milagres. Os berros, os insultos, tirarse polo chao a tremar a escuma pola boca é o relato que nos fan persoas da bisbarra que tamén falan de algo que lles dan, algo así como aceite, momentos que Vicente Risco describe deste xeito: *«...asegún usanza antiga, o sacristán apricalles unha reliquia e mételles pola forza un hisopo, pra botaren os diablillos ou o meigallo, mentras os familiares bátenlles no lombro decindo: ¡Bótao fora¡ ¡Bótao fora! Disque os botan en figura de novelos de pelos ou de ourizo cacheiro. Despois, lévanos na procesión.*

A procesión, asegún un informador, órdenase do xeito seguinte: primeiro un pendón branco e azul; despois outro pendón branco con cenefa marela; logo, o San Nicolás, levado por rapaces; logo, os gaiteiros, logo, un estandarte; despois, a Virxe, levada por mozas, alguna das cales van debaixo das andias; outro estandarte, e de-

SE BOTOU O DEMO EN FIGURA DE NOVELO OU DE OURIZO CACHEIRO, ARREMETESE CONTRA DA VIRXE PRA DARLLE ÁS GRACIAS. GOS E A GRADA CIVIL ORGANIZAN A MOITEDUME...



trás a Inmaculada, levada por mozas, as Fillas de María, con mantos rectangulares cór azulceo e escapularios; logo a Virxe do Corpiño, imaxe de vestir, levada por homes —os mozos levan medallas postas con lazos vermellos— e arrodeada de devotos, homes e mulleres; istes van tamén entre unhas e outras imaxes, e procuran tocar a Virxe do Corpiño con panos, chapeus, puchas, papés e documentos. Tamén procuran meterse debaixo das andias. Por fin, a cruz alzada cos ciriás e os curas, e detrás a banda de música».

O MILAGRE DA AUTOCURACION

Moitos son os milagres que se foron acabando por diferentes sitios, pero no Corpiño, ou en Amil, Moraña, xa no mes de setembro, a confianza sigue a ser grande pola banda popular e o interés de xentes doutras partes que veñen observar ou da Igrexa en conservalo non é pouco.

As opinións que se poden recoller pola comarca corroboran na sua maioría as tesis da confianza: Pepiño era o máis cativo dos irmáns e xa andaba polos 8 anos; era, como lle diría, un mixiricas, un medoñento. Ofrecéronno á Misa maior e voltou pra a casa sin medo ningún e medrou normal...

Anque tampouco fallan os puntos de vista máis distanciados, con maior carga crítica: son restos dun culto non cristiano que cadra coa entrada do vran. E se cando se está con máis traballo, na sacha do millo, e un anda máis canso, sal da sua casa e vaise ofrecer en **corpo**, en **especie** e máis en **cartos**, quere decir que polo menos ha ter unha boa contrapartida individual... porque a falla de atención médica pra moitas enfermedades, a fame que inda hai tanto física coma de cultura, a **soedade** ou en fin a busca dun lugar onde un se pode espresar libremente e pedir **protección...**

Pero no que sempre se coincide é que o quid pra conseguir algo positivo é o **convencemento**, a **suxestión**, e os máis observadores cambean a palabra milagro por **autocuración:**

Na casa de «fulano» buscáronlle ao maiorádego unha boa herdeira e casáronos. Pro a rapaza nunca se considerou nin por el nin polos máis como da casa, non se afixeron a ela nin ela se afixo, anque eso sí, caíanlle todos os traballos... deu en transtornarse, sentir un aquel, que se esvaía. Andiveron con ela de promesas e trouxérona ao Corpiño... nada... o meigallo non se foi e cando voltou prá casa seguía na mesma. Hastra que un bon día apañou ao máis pequeno dos fillos e marchou. Sei que entón sí que se puxo ben. Estivo tres anos a servir na Coruña na casa dun médico...

VENDESE BEN, E DESPOIS O BAILE

«Arredor do Santuario, e no santuario mesmo, véndense medallas da Virxe do Corpiño, cruces de Caravaca, rosarios, escapularios e outros ouxetos devotos.

Polo campo adiante, hai unha chea de postos. Algúns son de pedra, propiedá do santuario, que os aluga á puxa entre os vendedores. Outros son improvisados, con carros e bancos de madeira, ou cubertos con lenzos tendidos entre os árbores, ou sin cubrir, arrodeados de madeira, ou cercados con rangalleiras e ponlas de carballo; moitos, adornados con papel de espeteira mercado na tenda. a todos istes postos chámanlles **tabernas** *e teñen candis de carburo prá noite. Véndense moitas rocas de Silleda. Hai tamén pulpeiras, e feira de herba verde.*

A xente, desque empeza a xantar, adoita darlle ós probes.

Despois vén o baile, coas músicas e coas gaitas. Tócanse moitas muiñeiras, que acostuman bailar tamén os vellos.

É moito costume que os mozos inviten ás mozas».

Das páxinas de Vicente Risco a hoxe ben pasarían vifhe anos que sustituíron o carburo polas bombillas, sobre todo. O baile sigue pola tarde e na procesión, despois da misa dos enmeigados, imperdibles a eito van prendendo no manto da Virxen moreas de billetes. A custodia da Garda Civil. Darlle as gracias á santa polo milagre. Facer o maior esforzo por ter contacto con ela e pasar por embaixo das andias. Voltar pra a casa sin o demo no corpo... pero ao millor as cousas siguen igual e non queda outro remedio que coller e irse servir...

O «LUSITANISMO»: ENFERMEDADE INFANTIL DO NACIONALISMO

DARIO XOHAN CABANA

Na prensa que se fai en Galicia veñen aparecendo con certa regularidade unha chea de artigos firmados por xentes moi diversas co denominador común de defenderen un achegamento privilexiado de Galicia a Portugal, sobor de todo ó nivel cultural. O gran patriarca desta ideoloxía cultural parece ser o profesor portugués Rodrigues Lapa, que xa hai varios anos publicara un artigo no que en líneas xerais decía que o portugués era o galego literario, sendo xa que logo o galego de Galicia a «lingua vulgar», o dialecto ou patois de labregos, obreiros e as outras clases populares da nosa nación (plebe, pra entendérmonos). Esta definición, que tamén veu servindo ó imperialismo español pra marxinar a nosa cultura, levaba ó Profesor Rodríguez Lapa a rematar a sua elucubración cun chamamento ós escritores galegos a escribiren en portugués moderno, co cal se beneficiarían, ademais, dun público potencial de cento e pico de millóns de leutores.

No nivel político, esta teorización parecía ter detrás a vella e resesa idea da federación ibérica, que debería solucionar todas as custións nacionais pendentes no Estado español dun xeito case máxico, servindo Galicia coma ponte entre «España» e Portugal e colocándonos ós galegos nunha posición, ó ben visto, privilexiada. Esta idea, por certo, xa fora agarimada delectación de sectores do galeguismo histórico incapaces do plantexo radical da rotura do Estado unitario e da construcción dos Estados nacionais.

O ilustre Profesor Rodríguez Lapa, gran estudoso da literatura medieval común, parecía ignorar o atranco que prás suas arelas supón o feito da conformación de Galicia coma nación e a separación real que se produciu entre Galicia e Portugal. Probablemente, se a Historia decorrera doutra maneira máis dacordo cos desexos do Profesor, esta diferenciación non se producira, pero acontece que a Historia é irreversible e ademais camiña nunha moi concreta dirección: a liberación dos pobos oprimidos. E o certo é que Galicia era unha nación xa no tempo dos Irmandiños, e dendes daquela pasaron cinco séculos que non teñen volta de folla non sendo cara adiante.

O sentido elitista desta postura político-cultural é moi evidente: «Nós, o grupello dos *bos e xenerosos,* imos reconstruir por enriba das condicións ouxetivas e tamén por riba dos pobos o estado ideal de Arcadia feliz da dourada edade dos trovadores (sin que a *política* condicione a nosa gloriosa e desinteresada tarefa), cando o pobo galego e máis o portugués eran unha soia cousa —e eso aínda había que velo, digo eu—, e xunto co noso irmán de alén mar, o Brasil, imos loitar *de igual a igual* coa abafante presencia no mundo occidental do idioma español e do inglés». A proposta é tan fermosa coma pra botarse a chorar.

A nivel lingüístico, a teoría tén levado a tan pintorescos esperimentos coma o do «galego» que se usa en *Nova Galiza,* estrano castrapo galaico-portugués que pró humorismo é un achádego de tantas ou máis posibilidades que o castrapo galego-español.

En realidade, esta teima lusitanista xurde da incapacidade de comprender o feito nacional, negando na práctica ou ignorando o dereito á autodeterminación —e á independencia polo tanto— das nacións, e reducindo a custión a un problema estreitamente culturalista, dunha cultura concebida non con contidos liberadores, dinámicos e revolucionarios, senón coma un conxunto de formas e esquemas desprovistos de calquera contido actual, divertimento pra intelectuais. O triste do asunto —e pavero tamén— é que mentras en Brasil e Portugal non se produzan revolucións trunfantes, as situacións editoriais brasileira e portuguesa non son tan siquera moi esperanzadoras prós escritores galegos que, escribindo en portugués («galego literario»), puideran querer vivir da péndola á conta do famoso «público potencial». Realmente, no fondo da custión lusitanista pode haber moito daquelo que o noso Castelao —noso dos nacionalistas, non da Junta e lacaios— observou tan agudo dos homes pequenos que necesitan patrias grandes.

Ademais, as alternativas concretas dos lusitanistas chaman tamén a atención pola sua inxenuidade e voluntarismo. Precisamente nesta mesma sección de A NOSA TERRA, no número 17, saiu un traballo de D. Manuel Miragaia, que propón concretamente o seguinte: «normativización» —¿ónde a normalización?— do galego baseándose no portugués, coma primeiro paso; que a Radio e TV portuguesas emitan con máis potencia pra que se poidan sintonizar en Galicia; e por derradeiras, unha asociación cultural galego-portuguesa pró intercambeo de conferenciantes, etc. A probeza de medios —e, porén, escede as posibilidades reais, o que demostra hastra qué punto se pode ser idealista— é ben notoria.

Coido que xa é hora de deixármonos de infantilismos. Temos que asumir que Galicia é unha nación conformada polas suas clases populares, que está colonizada a todos os niveis —político, económico e cultural— polo Estado Imperialista Español, e que hai un pobo interesado na sua liberación tamén a todos os niveis. Portugal é outra nación, coa que temos ademais un pasado cultural común, e con todas as nacións do mundo temos que relacionarnos en pé de igualdade, pró cal cómprenos acelerar o proceso que vai levar á autodeterminación e á construcción dunha Galicia Ceibe e Popular. Todo o demais pode ser galeguismo cultural no millor dos casos, «regionalismo» ou culturalismo a secas. O que non será, a bon seguro, é política cultural galega ó servicio do pobo nin moito menos nacionalismo galego.



Euskadi

De novo os político-militares

■ CARSO

A esquerda sigue a ser a protagonista da actividade política bas-ca, desdoblada hoxendía na sua faceta parlamentaria madrileña e o estraparlamentaria do país.

O feito é que unha anomeada «Columna Eduardo Moreno Bergaretxe», composta por 30 persoas da rama político-militar de ETA, asaltou o Goberno Militar de San Sebastián na noite do sábado ao domingo pra —asegún confesan nun comunicado— levar o armamento alí depositado, uns 200 cetmes, nunha complicada operación que requeriu o roubo a man armada de duas furgonetas e dun camión da basura do Axuntamento de San Sebastián. Os compoñentes do comando, algúns deles vestidos de militares, reduciron ao corpo de garda, composto por 20 soldados ao mando dun sub-oficial e ocuparon o edificio.

EDUARDO MORENO BERGARETXE, «PERTUR»

UNHA BOA FUXIDA

A operación derrubouse cando a un dos asaltantes se lle disparou de xeito fortuito un tiro no interior, feito que despertou a natural alarma que os obrigaría a abandonar o edificio.

Na sua fuxida, tropezaron coa Garda Civil, que alertada polo disparo, se dirixía ao Goberno Militar, e que non fixo nada ao ver os uniformes militares. Un pinchazo inesperado obrigou a varios membros do comando a abandonar a furgoneta na que viaxaban e a requisar, pistola en man, un vehículo parado nun semáforo, que resultou ser dun cabo da Policía Armada que iba de paisano. A totalidade dos asaltantes rematou desparecendo en poucos minutos do lugar dos feitos, sin que deica agora a policía teña pista ningunha.

No comunicado no que ETA político-militar reivindicaba a acción, destacábase que *«en Euzkadi non pode haber democracia sin libertade nacional, e ésta pasa hoxe polo reconocemento do dereito de autodeterminación e pola consecución dun estatuto de autonomía que signifique pra o pobo basco unha capacidade de autogoberno real, e non unha mera descentralización administrativa»*. Referente ao papel da loita armada nunha democracia burguesa, ETA político-militar afirma que *«a permanencia do recurso á violencia que o Estado e a clase dominante sempre se reservan é precisamente a razón da nosa esistencia como organización armada»*. E continúan máis adiante: *«o noso papel neste intre político é, pois, dunha banda garantizar as conquistas que os traballadores e todo o pobo basco vaian acadando ao traverso das loitas que protagonizan, e doutra banda, nunha laboura de disuasión frente das posibles agresións que a clase no poder pode levar adiante contra dos traballadores»*.

A estensa nota dos político-militares —consta de tres folios a un espacio— ademais de facer un profundo análisis do articulado da Constitución no que fai referencia ao autogoberno do pobo basco, remata pedíndolle a éste que vote **non** a dita Constitución e emplaza ao PNV, PSOE e PCE a que expliquen a sua postura de xeito público frente aos debates que se están a desenvolver actualmente no Parlamento de Madrid.

O feito de que esta acción se dirixira por primeira vez contra dunha entidade do Exército, ergueu o natural «revuelo» en todos os estamentos oficiais do país, e suponse que no mesmo Madrid.

ORTZI CRITICA A E.I.A.

Noutro orde de cousas, é de destacar os ataques de Francisco Letamendía, diputado de Euzkadiko Ezkerra á sua, hastra de agora polo menos, organización EIA. Nun artículo publicado en «Egin» o paso domingo, o diputado acusa ao partido de terse decantado cara unha política institucional e de abandonar, en beneficio desta vía, a liña das movilizacións. A discrepancia, xa manifestada en anteriores ocasións por «Ortzi», non é nova. O que resulta novo é a virulencia da sua crítica. Polo de agora, EIA, que conoce un dos millores momentos da sua esistencia, non respondeu nada, aínda que se agarda que nesta próxima semana a Dirección do «Partido prá Revolución Basca» publique algunha declaración oficial.

Finalmente, é de destacar a derrota da enmenda que este parlamentario, no nome do seu partido e da sua coalición, presentara no Parlamento no senso de que se reconoza o dereito de autodeterminación ás nacións do Estado. «Ortzi», nesta ocasión, non quedou solo. Os parlamentarios do PNV apoiárono.

suteca

Santiago de Chile, 26 - bajo
Teléfonos 59 96 39 - 59 99 72
SANTIAGO

Países Cataláns

Escándalos non somente financieiros

■ EMILIO VEIGA

Vai de escándalos financieiros. E Barcelona volve a ser a capital do escándalo. Neste caso, tócanos máis perto, xa que uns 7.000 millóns de pesetas podería ser a cantidade desviada por unha entidade bancaria española pra os bancos suizos, cartos que proveñen das remesas dos emigrantes, e por eso nos toca de perto.

O método empregado pra desviar as divisas dos emigrantes dos países do Estado español en Europa consistía en abonar o contravalor das mesmas en pesetas nunha libreta de aforro aberta a nome dos emigrantes no Estado. As persoas ou entidades que abonaban tales cantidades convertíanse automáticamente en propietarios das divisas que retiñan no esterior e que logo enchían as huchas dos bancos suizos.

No intre de transmitir esta crónica, fallan máis detalles con respecto a este escándalo financieiro. Na próxima semana agardamos amplialo.

TRASPASO DE PODERES

A primeiros de outono, a Generalitat provisional de Catalunya xa terá poder real, competencias prácticas sobor dos diversos aspectos económico-políticos, segundo anunciou o Presidente Tarradellas nunha roda informativa que convocou o pasado sábado pra presentar os primeiros decretos de traslado de competencias do Estado á Generalitat. As primeiras, que segundo o Presidente serán efectivas en outono, serán, xa que logo, agricultura, comercio, industria e urbanismo, e o seguinte na lista é o turismo. Pra dar unha idea do alcance destes decretos, abonde con decir que no de agricultura pasan á Generalitat Estensión Agraria, Investigación Agraria e denominación de orixe, entre outras.

Mentras tanto, aquí en Catalunya abriuse unha polémica, básicamente entre Tarradellas e os socialistas, derivada do optimismo do President, que considera que tanto o Rei coma Suárez se están portando millor coa Generalitat que no tempo da República. E pra afirmar esto fundaméntase en que no 36 non se fixeron traspasos a Catalunya denantes da concesión do Estatuto e agora sí, asegún vimos de informar. Os socialistas non comparten a opinión, e a cousa debátese entre as declaracións dun e as dos outros. A verdade é que é unha polémica sin xeito, xa que o problema non é si agora son millores ou piores pra Catalunya que na República, senón si as transferencias que lle fan á Generalitat responden á vontade xeralizada do pobo catalán.

PROCESO CONSTITUINTE DO B. C. T.

Deica santos, realizase o proceso constituínte dun novo partido de esquerdas en Catalunya. O Bloc Catalá de Traballadors será o nome deste partido no que confluén o Partit del Treball de Catalunya, o Moviment de Unificació Marxista dels Paisos Cataláns e o colectivo de Coordinació Socialista ademais de persoaxes nacionalistas e marxistas independentes. Nace o B. C. T. con vocación de convertirse no eixo do socialismo nacionalista, alén dos plantexamentos moderados da esquerda socialista e comunista de Catalunya e os países Cataláns. O certo é que este partido pode recoller un enorme sector da poboación catalana que está absolutamente descontenta da actuación dos partidos de esquerdas que ganaron as eleccións. Recollerá con seguridade este partido todos os sectores nacionalistas descolgados do PSC e do PSUC e mesmo da Convergência Democrática de Catalunya, e pode ser unha opción maioritaria.

En definitiva, como dixo un dos seus dirixentes, «un partido de esquerda radical, pro tamén parlamentario». Será un partido de cadros cunha base militante moi activa ao que sin dúbida se afiliarán os grandes persoeiras do nacionalismo catalán durante o franquismo, coma Félix Cucurull ou o eterno independente Jordi Carbonell.

Na sesión na que se decidiu o inicio do proceso constituínte do B. C. T., fixeron un análisis da situación política, análisis do que destacamos o rechazo da Constitución, entre outras razóns pola negación do dereito de autodeterminación, negación do dereito efectivo de autogoberno e negación do dereito de federación, federación que o novo partido propugna entre os Países Cataláns. Tamén criticaron á Generalitat, á que calificaron de ineficaz e desestablizadora, responsabilidade que pra o B. C. T. non é somente do President, senón de todas as forzas representadas no Consell, ou seña, todas as parlamentarias.

España

Nin autodeterminación, nin federalismo

■ MARIA ALONSO

Co único voto a favor do representante do Partido Nacionalista Vasco, na Comisión Constitucional do Congreso rexeitouse unha enmenda do tamén diputado basco Francisco Letamendía (de Euzkadiko Ezkerra), quen propuña o engadido ao testo da Constitución dun novo capítulo, encol do dereito de autodeterminación dos pobos que integran o Estado Español.

A suxerencia de Letamendía concretábase do seguinte xeito: inclusión dun artículo, o 149 bis, con este testo: *«O dereito á autodeterminación dos pobos do Estado Español supón, dacordo co Pacto Internacional de Dereitos Civís e Políticos ratificado no seu día por aquél, o que os mesmos establezan libremente a sua condición política, podendo, xa que logo, optar por seguir formando parte do Estado ou separse pacíficamente deste e constituír un Estado independente»*. Pra o exercicio do dereito de autodeterminación, asegún a fórmula proposta, os pobos do Estado deberán terse constituido previamente en territorio autónomo e espresado a sua vontade de exercitar tal dereito dacordo cunha serie de condicións: iniciativa da Asamblea, voto aprobatorio desta por maioría absoluta, referéndum da poboación e distanciamento mínimo de dous anos entre duas iniciativas semellantes.

Dos 36 membros da Comisión Constitucional do Congreso dos Diputados, somentes un —o representante do PNV— votou a favor. De igual xeito, no debate de todo o capítulo que afecta ás autonomías, a voz do representante basco en defensa dunha maior apertura autonómica quedou aillada. Nesta ocasión, e moi concretamente no artículo 141, que recolle as competencias esclusivas do Estado e que se refrendou párrafo a párrafo en 36 votacións diferentes, coincidiron ás veces os representantes do Partido Nacionalista Vasco e de Alianza Popular. Un testo que pra os primeiros pecaba por defecto, pra os diputados aliancistas facíao por esceso. Ao criterio ampliador da competencia autonómica propugnado polos bascos opuñan os representantes de Alianza Popular o seu, máis restrictivo aínda, das propostas acordadas polos partidos maioritarios.

En definitiva, que o Estado mantén a competencia esclusiva sobor de máis de 20 materias. As previsibles de nacionalidade, aduanas, sistema monetario, facenda xeral, forzas armadas e relacións esteriores, ónense moitas outras referintes a sanidade, ensino, administración da xusticia, lexislación laboral e civil, etc. O tema da seguridade pública ocasionóu un polémico debate. De calqueira xeito, tal como queda na Comisión, faise posible a esistencia dunha policía autónoma sempre e cando reciba aprobación dentro do Estatuto e, aínda pra máis, dunha lei orgánica que as Cortes terán de aprobar.

Finalmente, a Constitución prohibe a federación de comunidades autónomas. Si ben non se trata dunha condena espresa do federalismo, pois que como tal nin siquera chegou a plantexarse, esta limitación considerouse por parte algúns diputados como enormemente grave de cara a unha posible colaboración entre as diversas comunidades autónomas. E mesmo, no artículo corresponde, chegábase a plantexar que calqueira acordo entre duas comunidades autónomas, mesmo en materias da sua competencia, terá de contar coa aprobación das Cortes.

O MUNDO

A sucesión de Leone, presidente cristiano e home de negocios

ALDO MORO

■ J. J. NAVARRO-LLATZER MOIX

O mércoles 21, encetaranse na República italiana os contactos entre os diferentes partidos políticos parlamentarios de cara á elección dun novo presidente.
O anterior ocupante do sillón presidencial, Giovanni Leone, presentou a sua dimisión o pasado día 15 deste mes, despois de moitas presións que completan o escéptico marco político que vive o Estado Italiano dende que hai 5 semanas apareceu o cadavre de Aldo Moro.
«Durante seis anos e medio, tivéchedes por presidente a un home honesto, que coida ter servido ao país con respeto á Constitución, con dignidade e moralidade».
Estas palabras, tiradas do menxase televisado co gallo da dimisión de Leone, semellan sere compartidas en Italia por moi poucas persoas a pesares de que, por suposto, todos os partidos gardan as formas. Dalgún xeito, espállase a imaxe dunha democracia cristiana desgastada por moitos anos de goberno.

As forzas políticas, cuio apoio a Leone se viñera esgotando paulatinamente nos derradeiros tempos, non quixeron alongar máis a agonía do presidente. Este feito deulle a Leone a posibilidade de contar cun motivo digno de dimisión. As palabras esactas que dirixiu aos ciudadanos foron as seguintes: «Nestes intres, nos que a campaña difamatoria parece ferir a fe das forzas políticas verbo da presidencia da República, a miña xestión non pode continuar».

CARREIRA POLITICA METEORICA

Giovanni Leone, napolitano, profesor de dereito político, home de negocios, considerouse por moitos como un home que desenvolvía a sua actividade en eidos que deberan ser necesariamente antagónicos.

No 1944, Leone apuntouse en Nápoles —onde exercía como abogado— á nacente democracia cristiana. Somente un ano despois xa se convertira no secretario local desa organización. Dende ese intre a sua carreira política pódese conceptuar como meteórica.

Aos 36 anos era diputado. Máis tarde foi Vicepresidente do Parlamento e posteriormente Presidente dese órgano. Presidente ocasional do Goberno e finalmente, tras dunha pechada pugna con Giuseppe Saragat en 1963, acadou a Presidencia da República en 1971.

OS NEGOCIOS PERSONAIS

A carreira política de Leone non lle impediu simultanear a sua angueira parlamentaria cos negocios personais. Personaxes destacados nesta faciana da sua actividade son os seus tres fillos, tidos do seu matrimonio cunha atractiva muller chamada Victoria, de 16 anos máis nova ca él. Os tres fillos en custión, Mauro, Paolo e Giancarlo, protagonizaron frecuentemente as noites da «dolce vita» romana. Pero a sua acción non se tén cinguido a ese terreo. Mauro, o primoxénito, autootorgouse o título de conselleiro persoal de Leone dende o día no que éste ocupou a Presidencia, asistindo asiduamente a todas as entrevistas —non importaba o nivel ao que se desenrolaran— nas que interviña o seu pai.

Este costume de Mauro Leone valeulle en certa ocasión un grave enfrentamento co falecido Aldo Moro.

Compre non esquencer tampouco os negocios e as compras efectuadas por Leone mentras ocupou a Presidencia, entre as que destacan a adquisición dunha suntuosa vila-búnker situada nas colinas romanas. Alí é onde se refuxiou agora a familia, tras da dimisión do pai.

LEONE E O CONSENSO

Estes condicionantes familiares, así como o de algúns escándalos públicos (lembrémonos do caso Lockheed, que se saldou somentes coa defenestración de dous políticos demócrata-cristianos, como foron Gui e Tanasi, e que deixou relativamente libre de responsabilidades ao Presidente), aconsellaran dende hai tempo o progresivo afastamento de Leone da suprema maxistratura italiana.

Esta tendencia procedía do propio seo da Democracia Cristiana, cecais porque Leone non é precisamente un entusiasta da política de compromiso histórico, seguida pola ala que encabezaba Moro e que agora dirixe Zacagninni.

Leone non é tampouco, nin moito menos, o portaestandarte da política de consenso. E é por eso que se decidira sustituílo do seu posto por Moro. Co secuestro deste, a operación esfarelouse, pero non a intencionalidade da mesma. E seguindo estes plans, Leone dimitiu.

A SUCESION

Queda pendente agora o problema de sucesión. Dos sete candidatos que a prensa italiana leva manexados eliminando a Fanfani e a Andreotti, parece que é Zacagninni quen tén máis posibilidades. Como delfín que foi de Aldo Moro e continuador da sua praxis política, Zacagninni sería ben visto por cáseque todas as forzas políticas, dende cristiano-demócratas hastra comunistas. Esisten, claro está, algunhas reticencias. Pra algúns, a decisión céntrase na cuestión «cristiano ou laico».

Socialistas e social-demócratas, que se consideran comparsas no xogo do compromiso histórico, non parecen moi dispostos a aceptar un Presidente apoiado somentes por demócrata-cristianos e comunistas e esixen que a alternancia católico-laico na Presidencia da República se respete tras da caída de Leone. De calqueira xeito, os seus candidatos, dos social-demócratas e socialistas, —Hugo Lamalsa, Giuseppe Giuditti, Norberto Bobbio— non parecen ter moitas posibilidades. Norberto Bobbio sería cecais a escepción; aínda que non seña siquera un parlamentario, que asegún a lexislación italiana non é impedimento, Bobbio é un intelectual socialista que goza dun grande prestixio entre toda a clase política italiana, e a sua designificación estaría ben acollida por cáseque todos os partidos.

Seña cal seña a elección, Italia terá novo Presidente o día 19, data tope prevista pola Constitución.

UN POSTO PRA ESPAÑA NO SISTEMA OCCIDENTAL

X. A. GACIÑO

Frente á vella imaxe do dictador Franco, amedoñado de sair ao esterior, a nova imaxe do rei español viaxeiro contribúe, sen dúbida, a transmitir un dato máis de apertura, na operación de relacións públicas emprendida polo novo réxime político español, que camiña cara a consolidación dun sistema típico de país occidental desenrolado. Pero ises viaxes non teñen únicamente unha función propagandística —aínda que esta seña importante—, senón que sirven tamén pra tecer unha nova rede de relacións económicas internacionais, buscando un posto que corresponde a España, como sub-potencia imperialista que aspira a ser; un posto, naturalmente, previamente delimitado polos intreses imperialistas superiores aos que serve, non en van foi Norteamérica un dos primeiros lugares que visitou o Xefe do Estado Español. (Pra ninguén é un secreto que España se move na órbita política e económica occidental, na que, noustante, agora tenta millorar a sua posición, subindo na escada de países que poden permitirse o seu campo de influencia político-económica diferenciada, dentro do conxunto xeral que se considera órbita occidental, cos seus correspondentes satélites).

O análisis dos viaxes realizados hastra de agora polo Rei de España poden axudarnos a delimitar ese campo específico de influencia española no mundo, parte do cal vén herdado do réxime anterior. Iberoamérica, certos países árabes (Arabia Saudita, Irán, compensados pola visita de agora a Irak), países europeos (forzando os vencellamentos que aceleren a desexada entrada no Mercado Común), e o casco singular da China Popular.

Esas visitas dos reis españoles poden marcarnos as liñas maestras da política internacional española, nas que se ve un marcado interés por asegurarse o suministro petrolífero (Venezuela, Irán, Arabia Saudita, Irak), ao mesmo tempo que se buscan países onde a tecnoloxía española —que non deixa de ser unha tecnoloxía dependente, polo que, dalgún xeito, está actuando como intermediario das multinacionais— poida interesar, servindo así de alternativa á penetración imperialista clásica e buscando unha saída sólida á crisis económica española, anque, paradóxicamente, consolidando a dependencia da sua economía respecto ao engranaxe occidental. Si a todo o anterior engadimos a ofensiva diplomática emprendida en Africa polo caso canario —e que non tivo máis froitos que os esperados, sendo somentes atendida nos países da órbita occidental—, que non serviu máis que pra clarexar o aliñamento español nas filas do «frente occidental» que se está a configurar en Africa, así como o achegamento cada día máis claro á OTAN, é evidente que España non poderá xogar un papel «neutralista», como o que algúns partidos da oposición defenden e que vai quedar firmemente asentada na órbita occidental, nun papel de sub-potencia que será tanto máis importante canto máis facilidades lles dea ás multinacionais no seu territorio. (E todo esto sin entrar no análisis da propia estructura interna do Estado español, onde poderían atoparse exemplos de dependencia e de funcións intermediarias do «multinacionalismo» internacional que reproducen, a pequena escada, a sua actuación exterior).

Cecais o caso da China Popular esixe unha puntualización específica. Dende o seu enfrentamento, na sua concepción revolucionaria, coa Unión Soviética, a China desenrolou —sobor de todo nos últimos anos, cando escomenzou a implantarse a que os comentaristas occidentais chaman «liña pragmática»— unha política internacional marcada pola obsesión anti-soviética hastra o punto de chegar a coincidir cos criterios occidentais en conflictos clave (como o recen do Zaire). Nesta dinámica anti-soviética, China Popular alenta a configuración dunha Europa forte e unida —mesmo baixo dos esquemas do capitalismo monopolista—, que manteña a tensión contra da URSS. Nese sentido, interésalle as relacións cun país como España, que vai contribuir decididamente á configuración desa Europa monopolista.

O fraude Porta-Kubala destes Mundiales

A improvisación dos responsables do fútbol español nestes mundiales somente non se aplicou prás disculpas xa preparadas de antemán diante do desastre. A primeira, coma sempre, **a sorte.** A segunda, **a venda** do partido por Austria, o fallo de Cardeñosa, un árbitro comprado, o Sr. Robert Wort... pra qué continuar.



ELES NON TEÑEN A CULPA

Porta, que hai xa ben tempo que lle renovou o contrato a Kubala «democráticamente», ou seña pola sua conta e risco, é quen dirixe todo o cotarro tentando salr el ben parado entramentras culpa aos máis. Bueno, salr el ben parado e tamén o seu amigo Kubala, que nunca deu clasificado á selección pra ningún campeonato, que o que sempre fixo foi sacar homes da nada que voltaron moitas veces de novo á nada, e que dende o primeiro intre cometeu erros de bulto tales como cambear de equipo en cada partido preparatorio, poñer xogadores en distinto posto, e nin queremos entrar, porque daría risa, nos plantexamentos do partido frente a Austria.

E aos xogadores chovéronlles paus por todos os lados. A Pirri convírteno en cabeza de turco, a Cardeñosa por fallar o gol e hastra a Miguel Anxel por non parar o segundo de Austria sen cavilar siquera que foi o millor de todos.

Por funcionar, nin lle funcionou a propaganda —*«La selección es el equipo de España, estamos más unidos que nunca»*— que inda resta da época pasada, cando tamén estaba *«unido en la diferenciación»*.

Pero xa qué máis daba, despois de tanto fraude aos seguidores dos mundiales, aos mesmos xogadores, os aparatos de televisión a coor vendéronse, a todopoderosa Coca-Cola fixo o seu agosto e o Sr. Videla xa vendeu a imaxe democrática de paz e concordia.

Qué importan as ilusións dos emigrados que neste caso tócannos a nós, os galegos, dos aficionados, dos xogadores-obxeto... Hai xente que non sabe ou non quera facer as cousas doutra maneira.

PUCHEIRO

Remo en Redes



O domingo, 11 de xunio, celebrouse nas augas de Redes, unha confrontación de carácter nacional, prá clasificación dos campeonatos do Estado Español.
A competición organizouna a «Federación Gallega Norte de Remo» coa colaboración especial do Club Marítimo de Redes.
Compre salientar o carácter festivo e popular que supuxo a organización desta confrontación, amén do interés posto pola Directiva do Club Marítimo de Redes.
Festivo e popular, por canto todo o pobo de Redes viviu na mañá do día 11 un día de festa ao calor do deporte.

A organización e os resultados viñeron compensar tanto esforzo do pobo de Redes e en especial da mocedade, que da nada deron erguido co seu traballo e os seus cartos, un Club Marítimo, e que a pesares de ser un Club carece de todo, agás de vontade. Asentado sobor das macizas troneiras dun vello castelo medieval, defensor da ría de Pontedeume, os rapaces de Redes están a facer pouco e pouco un edificio social que dá vista a un magnífico campo de regatas natural cal é a Ría Eumesa. E paradóxico que este Club de remo careza do fundamental: medios de levar adiante o seu deporte. Hoxe somente conta con dous outtriggers cos que se iniciou a idea deste Club polos anos finais dos sesenta. Pra poder participar en todas as categorías: senior, junior e cadete de outtriggers, teñen que utilizar os dous de a 4 e de a 2 cos que contan.

«A federación, en vez de axudar, o que fai é axudarse de nós» como nos decía un dos fundadores do Club. «A federación, o que fai e inventar un calendario, onde nos poñen que disputamos tantas regatas e nos dan unha clasificación e todo, sin ser certo, e logo ese calendario preséntano en Madrid e páganlles por competicións feitas. E resulta que o calendario é falso».

Pois a pesares desta falla de apoio, sin medios materiais pra practicar o remo, é demostrativo o feito de que as categorías senior, junior e cadete teñen que utilizar a mesma embarcación, non somente nas probas senón tamén pra os entrenamentos —os mozos de Redes conseguiron unha boa clasificación. Así, das seis regatas ás que se presentaron— as demais non poden por falla de embarcacións quedaron: de primeiros en outtriggers **a 2,** en senior e cadete, e en **a 4,** cadete; de segundos en outtriggers **a 4,** senior e en **a 2,** junior; de terceiros en **a 4,** junior.

Os demais equipos participantes foron o Club do Mar de Mugardos primeiros en outtriggers **a 4,** en categoría senior e junior, e o Club de Remo de Ares, ganador da proba de outtriggers **a 2** junior e cadete así como en Skiff infantil.

O Club Universitario de Santiago, equipo mimado en instalacións e medios, somente se clasificou nas probas nas que participou el solo, como foron doble Skulf categoría senior e junior, perdendo ao enfrentarse cos outros equipos quitado no Skiff senior, que se impuxo ao Mar de Mugardos.

En resumen pois, xornada de festa en Redes e a demostración práctica de que temos un deporte colonizado, por canto que o pouco deporte que se fai e a forza de moita vontade e sin os medios que se volcan en instalacións náuticas doutras partes do Estado ou instalacións deportivas de Madrid, Catalunya ou Zaragoza, onde se celebrarán os campeonatos de remo do Estado (e os poucos cartos que pra acó veñen somente os señores da Federación Gallega de Remo saben onde van). Antes aínda gastaban algúns cartos en organizar a tradicional regata de traiñeiras na Coruña con motivo da estadía de Franco en Meirás: pro, señores da Federación, ¿ónde meten os cartos dos remeiros?

SUSO PIÑEIRO



Repostos eléutricos pra o fogar
Ferramentas en xeral
Fontanería e grifería
Artículos de bazar
Pinturas

DA AUTONOMIA DA II REPUBLICA Á AUTONOMIA DA MONARQUIA

XOSÉ LUIS FONTENLA RODRÍGUEZ

Na II República Española cometeuse o grande erro de non admitir a fórmula federal do Estado, erro que vai repetir a Monarquía actual, e optouse por unha constitución unitaria que forzadamente veu a admitir o dereito á autonomía das Rexións, ignorando a esistencia de Nacións tan concretas e definidas como Galiza, Euskadi e Catalunya, con problemas propios, peculiares, que somente nunha estructura federal poderán ser resoltos.

Galiza tardaría case 5 anos en poder votar seu Estatuto antes de que se producise a guerra civil. Catalunya tivo atrancos e suspensións da sua situación xurídica estatutaria. Euskadi viu aprobado seu Estatuto antes de que se producise a guerra civil. Catalunya tivo atrancos e suspensións da sua situación xurídica estatutaria. Euskadi viu aprobado seu Estatuto tardiamente e por pouco tempo. Unha vez máis, o españolismo retardaba unha e outra vez a solución racional e xusta dos problemas que tran consigo a existencia de varios polos diferenciados no Estado español.

O franquismo atacou duramente aos nacionalismos galego, basco e catalán por razóns de Estado que implicaban a continuidade da propia Dictadura, baixo pretestos absurdos de pretendido carácter unitario. O que é evidente e innegable é que o federallsmo, tanto a nivel práctico como teórico, é a estructura de Estado máis forte e unida, tal como revela a sua propia orixe terminolóxica —foedus pacto, federalismo, forma de Estado pactada, acordada—. O federalismo nace da libertade, do acordo, da converxencia, da unidade querida e non imposta pola forza. O Estado unitario imponse e mantense temporalmente con toda caste de presións e desequilibrios, reprimindo as liberadades ciudadanas e nacionais. E reaccionario e antiprogresivo, fomenta a insolidaridade e priva de sentido social ás institucións.

Se a II República fallou na superestructura constitucional que ofreceu á realidade plurinacional en que desexaba sustentarse como forma de goberno a Monarquía actual semella discurrir por camiños moi semellantes, volvendo a repetir os mesmos erros que cometeron os centralistas daquela. Ta posición leva mesmo a anotar no art. 2 do proiecto constitucional monárquico como forma política do Estado (sic) a Monarquía, cando a monarquía non é senón unha forma de Goberno. As incoherencias de tipo teórico e doutrinal de carácter xurídico continúan mesmo nunha falsa interpretación da unidade do Estado que chegou a confundir ao propio «Ministro de las Regiones», Sr. Clavero. E é que a cousa é tan grave como pra rexeitar un proiecto constitucional sinxelamente por deficiencias de carácter técnico-xurídico, aparte do trasfondo político que latexa nunha Constitución que podemos considerar dende xa, no seu proiecto, como unitaria.



Da Autonomía da II República, imos pasar á Autonomía da Monarquía, quer decirse, que nada cambeou no plantaxamento dos españolistas e que unha vez máis, e compre recordalo, os pobos do Estado español vanse atopar cos seus problemas sen solucionar, porque o problema señores, polo menos pra os nacionalistas galegos, anque teñamos simpatías republicanas, non é nesta ocasión, como noutras, de forma de Goberno, senón de forma de Estado.

Os galegos, tan prósimos a Portugal, ben sabemos das posibilidades que o Federalismo abren cara a nación irmá nunha futura Confederación Ibérica que faga frente aos monopolios e a esplotación dos traballadores, que entre con paso firme e cabeza alta no concerto europeo e mundial, sen sometementos nen humillacións. Esa é a unión que os nacionalistas queremos e que garantiza a esistencia de Estados e gobernos democráticos no contesto peninsular. Temos esperanza de que así o entendan dunha vez os españois.

da terra asoballada

AS GRUAS MUNICIPAIS

O pasado luns día 12, sobre as sete da tarde, unha grúa ó parecer municipal levou o meu coche, aparcado diante da miña casa en lugar correcto, resultando que fora como coacción por impago dunhas multas de aparcamento que me puñeran noutras ocasións. Ún non pode por menos ca indignarse e calificar esta acción como terrorista, xa que este secuestro se fixo sin unha resolución xudicial previa e además, atopándome eu ausente da casa. Por moitas disposicións administrativas que un Axuntamento teña cocido por sí e ante sí, levarlle o coche a un ciudadano —que ademais é viaxante de profesión e necesita del pra vivir— é un intolerable abuso de autoridade que está en contradicción cos máis elementais principios de xusticia.

A pesares da cantidade de firmas recollidas pola AN-PG de Lugo, e entregadas debidamente ó Axuntamento, pedindo «Nin grúas nin cepos, queremos aparacamentos», a Escma. Corporación vén de poñer en práctica este sistema terrorista que parece importado á nosa cidade polo paletismo madrileñista que se detecta en moitas autoridades galegas, antes e despois da preautonomía elexida a dedo; tampouco non é pra asombrarse o que non fagan caso ningún da vontade dos veciños, espresada por milleiros de firmas.

Pero o caso máis curioso é que o automóvil oficial do Señor Alcalde —un 1.500 negro, como é de lei— infrinxe todos os días, máis ou menos entre a unha e as duas da tarde, un sinal de circulación ben visible que prohibe aparcar diante da fachada do Axuntamento. Coma se non houbera sinal: alí está o automóvil tan pancho durante unha hora ou máis, e aínda polo regular coas rodas de diante sobre dun paso de peatóns. O Señor Alcalde acaba os seus moitos ou poucos traballos —entre os cales non debe estar o de escoitar ó pobo lugués—, sai, sobre no coche, vaise, e alí non pasou nada. Os guardias pasean por diante co bolígrafo tranquilo, a grúa non llo leva, o cepo non llo traba, e o 1.500 do Señor Alcalde insúltanos día tras día a todos os lugueses, que vemos que o «noso» Alcalde, aparte de non ser elexido por nós, salta por enriba das normas que eles mesmos coceron sin contar coa nosa opinión e que —digo eu— debían respetar tan siquera.

Eu pregúntome: ¿unha corporación que infrinxe unhas normas, tén ou non tén dereito a facermas cumplir a min pola forza, recurrindo ó terrorismo da grúa?

Moi atentamente,

Lugo, 15 - Xunio - 78
DARIO XOHAN CABANA

A MORTE DUN COMPAÑEIRO

Diante da información aparecida en EL PROGRESO do vernes referente á morte do noso compañeiro e delegado da nosa central Domingo Ramos Álvarez, a Intersindical Nacional Galega (ING) quere facer as seguintes puntualizacións:

1.º Na mencionada información cálase o feito de que a morte do compañeiro Domingo Ramos foi un accidente laboral.

2.º Dise tamén que padecía xordeira, o cal non é certo, e demóstrase a súa falsedade pola actividade que o compañeiro levaba no traballo. No mesmo senso poden testimuñar os seus compañeiros de obra.

3.º Non se pode culpar á xordeira a morte do noso compañeiro, cando coma mínima medida de seguridade, a vía do tren debera estar valada.

4.º As causas da morte do compañeiro Domingo Ramos Alvarez deben, pois, apoñerse á falla de seguridade no traballo, non somente, por outra banda, nesa obra, senón en todo o sector da Construcción do noso País.

A ING pregúntase por qué se agachan as verdadeiras causas da morte dun obreiro galego, silenciando o feito dos accidentes laborais que se están dando con tanta frecuencia.

A ING tamén pregunta ás autoridades competentes por obrigar a cumplir coas medidas de seguridade cando se está construíndo unha ponte sobre dunha catenaria que leva unha tensión de 3.000 voltios e que fai previsible que accidentes coma o que costou a vida ao compañeiro Domingo Ramos se repitan en calquera momento.

N. da R.—A catenaria é o fío do que colle electricidade a máquina do tren. Pasa a medio metro por debaixo da ponte, que leva moito ferro, e cun contacto cun ferro calquera pode electrocutar a todos os traballadores que se atopen enriba.

A ARTE E OS XEITOS

FELIPE SENEN

DENDE A SOLAINA E O CORREDOR AS GALERIAS

A solaina, o corredor, nos sobrados da enxebre casa galega, evolucionaron coa aparición dos novos materiais. Coa industrialización do vidro, as galerías serán unha solución baril pra pechar os antergos e aventoados corredores e solainas; o vidro artéllase coa carpintería da madeira, dun xeito ás veces xenial, asegún a teima creativa do arquitecto.

Dis que foi o vasco Juan de Ciorroga y Fernández de la Bastida o que primeiro estribillou na Coruña algunha edificación con galería, seguindo as trazas das casas de Gasteiz (Vitoria, asegún denominación oficial), de onde il era; nefeuto, vemos que polo norde peninsular abonda iste xeito de construccións, e en Galicia van tomar unha liña significativa pouco e pouco, e a partir de 1850, intre no que este arquitecto traballa e no que a fábrica de vidros do Orzán, na Coruña, escomenza a sua actividade. O mesmo historiador coruñés, deste tempo, Vedía, di que a saida da producción da fábrica vese moi favorecida pola construcción de casas na cidade, pois daquela cáseque todas tiñan os segundos e terceiros pisos cobertos con grandes galerías de vidro.

Nun medio urbano, a galería significa calefacción e invernadeiro, ao mesmo tempo que é un bon xeito de ventilación e mirador polo vran. No medio rural, pola sua banda, a función será de secadeiro: as espigas de millo que noutro tempo estaban penduradas da solaina, agora pasan á galería, a roupa tamén se seca nela. Pero non todas as



casas da vila ou da aldea teñen galerías, poisque o vidro non é pra todas as mans, ou máis ben, pra todos os petos; terana a casa do señor, a rectoral, a do boticario, a pousada ou a do cacique. O resto, seguiría coa solaina ou o corredor aberto ao día ou á noite.

Dende escomenzos de século, a galería prende en moitas vilas e cidades de Galicia. Non é pra menos, se cavilamos nas fortunas que fixo o chamboleo co wolfram, a emigración ás américas, o estraperlo, os baños nos balnearios de moda de Mondariz, Verín, O Carballiño, Cuntis... que luciran traballadas galerías, moitas das cales mesmamente somellan encaixes de Camariñas.

Estas mesmas galerías, hoxendía, as máis das veces, van desaparecendo, aínda que outras adequiran novos xeitos de metal ou de cemento. Vilas que hai un par de anos amosaban nas suas ruas toda unha cantiga de galerías e de reflexos do día, suplantáronas por monstruosos bloques, gaiolas de pallabarro pra especular coa xente. No fondo, moitos alcaldes quixeron facer das suas vilas lugares sin personalidade, asépticos, ambiguos, *«un Madrid en chico»*. A especulación antróidase algunha vez *«de muy buen gusto gallego»*, pro somentes con galerías pra *«pisos de lujo»*, do máis alto coste.

E os que venderon a casa na aldea coa solaina, o corredor ou a galería, velaí os temos afogados na cidade, antre o bulir dos berros do televexo, da lavadora, de toda unha técnica sofisticada e sin calidade, que máis de catro se empeñaron en chamarlle «progreso». Asegún esas contas, xa non podemos pensar, eses catro farano por nós e polo seu proveito.

A arquitectura, como calisquer outra actividade cultural, beila ao son que lle tocan, e hoxe estamos a beilar a un son alleo.

andando a terra

M. HORTAS VILANOVA

ALDINA, PRINCESA DO SAN XOHAN

Moito teño troulado nas romerías do San Xohán e brincado por riba de moitos «lumes novos». Na provincia de Lugo son sonadas as festas do San Xohán de Sarria, de Becerreá, de Guitiriz... En toda Galicia saben das grandes festas do San Xohán en Carballo, capital de Bergantiños, a bisbarra que cantou Pondal en verso de ferro e con voz de furacán. Carballo é a tribu dos Fraga —que nada teñen que ver co de Villalba—, xente fidel á nosa nación galega e que por ela loitan. En Carballo pón cátedra de amor a Galicia, Francisco Rodríguez. En Carballo naceu, na mitade do século pasado, Alfredo Brañas e, pese a que non hai tanto tempo que viviu, semella como si fora contemporáneo de Prisciliano, tan lonxe está da nosa sensibilidade e do noso xeito de entender a Galicia. En Carballo celebrouse o III Plenario Nacional de AN-PG. De Carballo foi veciño un Coira, de Gaibor, home pavero, si os había. E en Carballo ten veciñanza, dende hai moitos anos, Florentino de Roibás, nativo de Outeiro de Rei da Terra Chá, celador de Telégrafos, non moi outo, regordete, canoso e gran persoa, e o fillo da Dorinda de Doade, criada á veira do Sil, en terras de Amandi, onde van esmorecendo as vides lexendarias.

Moitas máis romerías do San Xohán teño na miña lembranza: a de Parada, á veira do Miño, onde de neno estiven convidado no pazo de Gondai; a de Silvarrei; a de Tirimol; a de Pena, case xunto á feira de Nadela... ¡Qué sei eu! Precisaría moito papel e moito vagar pra contalas todas. San Xohán é, sin dúbida, un dos santos máis festexados en Galicia.

A noite de San Xohán ten un siñificado especial entre nós. Vicente Risco, na súa monumental **Etnografía** galega, que por certo se editou en Buenos Aires, estudou o tema con amplitude e profundidade. A él nos remitimos. Moitas costumes ancestrales do San Xohán xa desapareceron. Outras aínda se van conservando malamente. Non vou falar delas. Somentes me limitarei a evocar unhos versos dun fermosísimo romance popular galego, anónimo como todo o popular. Son estes:

«Madrugada de San Xohán,
que baila o sol cando nace
e rí cando morre o día.
—¿Cál será a meniña, cál
que colla a frol da auga fría?
—Non será dama nin deuda
que será a princesa Aldina,
a princesa namorada,
filla do Rei de Galicia.
Non hai outra como ela
tan feitiña e tan bonita,
co aqueles seus ollos craros
do color da auga da ría.
Soio tí, Aldina, serás
quen leve a frol da auga fría».

Agora, que é San Xohán, cavilo no máxico de toda a simboloxía das tradicións que esmorecen. O tema da princesa Aldina é, neste que escribe, unha vella teima. Nos días da miña apaixoada e acesa xuventude personifiquei a Aldina e situeina nas terras da Pastoriza. E aquelas ensoñacións de mocedade siguen vivas, á miña veira, facéndome compaña noite e día. Este foi o mellor don co que me puido agasallar a vida. Anos andados, na inesquencible cidade de Lisboa, coñocín e tratei a unha fermosa e distinguida dona que se chamaba Aldina e que era membro da «Sociedade da Língoa Portuguesa» e autora dunhos traballos filolóxicos. Non coñocín máis mulleres que, na realidade, se chamen Aldina. E non teño mágoa por eso. Porque teño unha Aldina de meu, que non é filla de ningún rei. Mais eso xa é historia persoal.

A verdadeira Aldina, que por forza esistiu, ¿sería loira ou morena? ¿De qué rei galego sería filla? ¿Onde viviría? ¿En qué tempo? ¿De quén estaría namorada? Soio sabemos dos seus ollos craros e de que ela —soio ela— levou a frol da auga fría, que lle serviría de espello. E mentras contempraba o seu fermoso rostro espellado na frol da auga, nos seus ollos craros —posiblemente verdes— ardía a chama de tódolos lumes novos que se alcenden en Galicia. Esto acontece porque, como o romance nos enseña, na madrugada de San Xohán o sol baila ó nacer e ríse cando morre o día. Eu mesmo teño ollado bailar o sol. Os seus movementos son como os das follas das abidueiras cando o bris as agarima. E a sorrisa do sol é talmente como os dourados do Outono cando os carballos se desprenden dos seus cobres. Tal como a sorrisa da princesa Aldina.

o idioma

MARIA PILAR GARCIA NEGRO

A «GEADA» E MAIS O SESEO

A sección **O IDIOMA** vaise ocupar esta vez de dous fenómenos dialectais con amplo arraigo no noso país e que foron ouxeto, máis dunha vez, de tratamento polémico. Imos reproducir, en primeiro lugar, o que apunta sobor do tema Gabino Silva Fernández, que, en carta a A NOSA TERRA (n.º 19), suxire que seña tratada a cuestión nestas notas semanais sobre a nosa lingua. «Eu procedo dunha zona, a Ría de Arousa —di o noso comunicante—, onde os dous fenómenos se dan conxuntamente (...) e, dende logo, nunca refuguei esta maneira de falar da miña xente, ben ao contrario, voume afirmando cada vez máis nela, a pesares de certo complexo de inferioridade que moitas persoas desta pronuncia teñen, non xa respecto do castelán, senón tamén do «bon galego» que se escoita por ahí adiante». Por razóns de espacio, non reproducimos na sua totalidade a ben interesante carta que dá pé hoxe a este comentario. Gabino Silva defende o uso destes rasgos dialectais do noso idioma e rexeita o calificativo de defectos da fala que moitas veces mereceron.

Estando en síntese de acordo co noso comunicante, imos facer pola nosa banda algunhas precisións que non van resultar novas a quen esteña xa familiarizado co tema: 1.º) Calificar a «geada» de «pronunciación defectuosa» ou «viciosa», como se tén feito, non é máis ca proiectar un xuicio de valor acientífico sobre un fenómeno dialectal vivo nun idioma colonizado coma o noso, onde resulta especialmente perigoso trazar a fronteira dos vulgarismos ou rusticismos. O suposto «vulgarismo» pode ser, simplemente, falla de coincidencia co idioma colonizador. Algún lingüista español ten dictaminado que *hablar con la J es signo de rusticidad, de incultura que se da siempre en clases populares»*. «Casualmente», decimos nós, foron as clases populares as depositarias do noso idioma a través do tempo.

2.º) ¿Ula a orixe da «geada»? Seña realmente un rasgo revolucionario e remoto no tempo do noso idioma, frente aos outros romances que nona poseen, seña un fenómeno máis moderno, o caso é que aparece xa reflexada na escrita nos derradeiros anos do século XVII, como tén sinalado Carballo Calero: en 1697, Xoan Correa Mendoza escrebe «prólojos»; en periódicos publicados en Santiago en 1812 e 1820, aparecen as formas «lojo» (grafiado «loxo»), «canónejos» e outras. Tamén na traducción galega do Evanxelio de San Mateo (1861), atopou Alonso Montero abondantes mostras de «geada». Na práctica totalidade dos escritores do Rexurdimento e posteriores non é utilizada, anque moitos procedan de áreas onde este rasgo era e é vivo. Nesto non se ha ver máis co influxo nestes escritores (moitas veces, «malgré eux») do idioma colonizador.

3.º) A «geada» foi tradicionalmente reprimida e a escola, ún dos axentes máis poderosos da colonización, puxo especial empeño en erradicala da lingua. Hastra tal punto foi así que se orixinou, por ultracorrección, o fenómeno contrario, a «gueada», nos galegofalantes que fan uso do español fora do seu medio: non é infrecuente escoitarmos «Guan», «despegar» (por «despejar») ou «meninguitis».

4.º) No que toca ó seseo, compre indicar que é un rasgo ben estendido por grande parte do noso país, nas duas variantes (seseo total, é decir, ausencia do **z**, que se realiza sempre **s**: moso, rapasa ou ben seseo parcial, a fin de palabra: des, rapás), e de orixe perfectamente clara. O seseo documéntase tamén na escrita e, a diferencia da «geada», tivo acollida —en pequena medida— na literatura. En Rosalía achamos rastros del: corasón, nasen, maldesir... O mesmo ca «geada», tén provocado máis dun problema ó pretender ser evitado. «Si tú tienes muchas mocas, yo tengo muchos mocos» escribía alguén que tencionaba fuxir dos «mosos» e «mosas» do seu galego.

En resume e pra rematarmos as notas sobor destes dous rasgos: «geada» e seseo son dous fenómenos dialectais perfectamente lexítimos do noso idioma; rexeitalos supón rexeitar a propia lingua; o ensino do noso idioma tén que ser respetuoso con todas as variantes que este rexistra no plano oral, porque lle pertencen e porque o enriquecen, con independencia da norma que se consagre na escrita, que, como toda norma, escolle unha forma única.

LIBROS

«AS INSTITUCIONS DA LOUCURA EN GALICIA»
Xosé García e Emilio González
Edición dos autores, Santiago 1978.

Convertir ao tolo galego en cordo castelán é unha das funcións esenciais da psiquiatría clásica en Galicia segundo a tesis dos autores do libro. Este é, fundamentalmente, un diagnóstico dunha situación abafante na que a psiquiatría actúa represivamente a dous niveis, unha sobor das «conductas desviadas» e outra sobor da cultura específica do tolo galego. O libro pódese dividir en catro apartados; no primeiro, os autores limítanse a facer un labor de «traducir» o pensamento dun fato de testos esenciais prá comprensión do fenómeno psiquiátrico; no segundo, fan unha matinación encol diste fenómeno, chegando a un análisis específico do caso galego, e concluíndo nunha total diferenciación; no cuarto, presentan unha alternativa baseada nunha penetración na comunidade e unha actuación no seu seo e controlada polos seus compoñentes, ou seña: *«Facer que a comunidade asuma os seus propios problemas como importante complemento das tarefas de hixiene e prevención. Desterrar a imaxe do técnico que asume tódolos conflictos e tenta resolvelos sen axuda de ninguén».*

Coido que o libro é moi atinado no seu análisis da interrelación entre emigración e tolemia, así como na esposición do proceso de progresiva psiquiatrización dos fenómenos sociais. Outro aspecto importante é a defensa do papel que xogan os menciñeiros e a preferencia que por estes amosa o noso pobo, decatándose das contradicións dos centros oficiais e a máis doada comunicación co menciñeiro que co médico español-pensante. Particularmente, interesouse o análisis do alcoholismo galego —especialmente o dos vellos— como mecanismo alternativo frente á frustración.

Lóxicamente, no libro estúdiase a sistemática de funcionamento da psiquiatría institucional no país, e lémbranse os datos máis importantes da loita pola democratización de Conxo. Outro aspecto menos conocido é a falla dunha escola de psiquiatría galega, tanto polo boicot a Cabaleiro coma pola inestabilidade da cátedra de Psicoloxía e Psiquiatría da Universidade —inestabilidade que atestiguo como víctima que fun dela—.

As chatas máis graves do libro son a sua brevedade —condicionada, supoño polo factor económico— que vai repercutir no aspecto de superficialidade no tratamento dalgún punto, así como o galego utilizado, que está cheo de castelanismos, hiperenxebrismos e herbas semellantes.

A miña impresión do libro é positiva, non somente como médico senón coma persoa preocupada polo avantar dunha cultura allea na nosa sociedade. Nembargantes, polo que o libro ten de diagnóstico dunha práctica aberrante, recoméndollo especialmente aos profesionais.

XOAN M. CARREIRA

CINE

«LAS TRUCHAS»

Non se pode dubidar de que certa parte do cine español está a facer un intento serio de renovación acorde co latexar e cos plantexamentos máis «críticos» dun público cinematográfico que se tiña algo descoidado e ao que había que ter moi en conta como consumidor cualificado, nas novas circunstancias. José Luis García é un director que pertenez a este cine español novo. A sua película «LAS TRUCHAS», é un intento de espoñer o aborrecemento, a estupidez, o autoengaño no que se debate e auto-roe a sociedade burguesa. Recurre, pra eso, a unha simboloxía que, si é de fácil lectura inmediata, resulta cangada de máis en persoaxes, detalliños, obxetos, todos eles reiterativos, e inda enriba nun ambente pechado. Falla o senso do funcional e preciso.

Un bon intento coma éste, necesitaba dunha maior cavilación sobor da eficacia da comunicación cando esisten intencións críticas manifestas. Entón, poñeríase máis coidado na condensación, na perfilación da tipoloxía, nos contrastes dentro do conxunto. A lentitude pode ser un arma no cine, pro nunca a inespresividade, a falla de significación precisa, ou a acumulación reiterativa. Alguén poderá pensar que ésta é a única maneira de conseguir a sensación de tedio, de mediocridade, de aborrecemento e rutina da sociedade burguesa, pero non poderá demostrar que esto mesmo non se puidera ter conseguido por medios máis económicos, máis eficaces e menos reiterativos. E, sobor de todo, cal é o senso último desta historieta simbolóxica. A intención que resulta é feble e confúsa de máis pra tanto celuloide.

Máis difícil resulta, nembargantes, xulgar o carácter tan impreciso do ambiente no que se desenvolve a película, en canto a claves sociais, tipolóxicas, políticas, que precisen a vinculación a un país e a unha problemática concreta. Evidentemente, este grado de abstracción non sei se é o máis comenente pra un tipo de cine crítico, sempre capaz de trascender calquera localización, inda que esteña feito cun enraizamento grande (probas hainas abondo). O mesmo cabería decir da «aurea mediocritas» da decoración, do colorido da película, utilizados con intención evidente, da que non escapan os actores escollidos, a maior parte deles desconocidos ou pouco frecuentes no cine español, agás curiosamente algúns que desempeñan papeles específicos por algunha razón.



Pero, en conclusión, algúns bos detalles, certos tipos conseguidísimos na sua propia apariencia física, algunhas esceas illadas, estannos á decir que LAS TRUCHAS é unha película fallida, porque non tiña unha forte intención crítica, xa que foi afogada ou esquematizada (neste senso, cabe decir que as esceas do comenzo son innecesarias e decepcionantes, as do final dun individualismo e dunha acracia, cando menos inxenuos). O premio de Berlín, inda sin conocer o cine que alí se viu, debeu estar moi condicionado por un senso da crítica social que, sendo aparentemente crudel, non trascende os lindeiros devanditos, ademais de que os lindeiros individualistas e acráticos señan os que «espontáneamente» xenere o «gauchismo» crítico e irrespetuoso coa sociedade burguesa occidental.

CARLOS SERANTES

axenda

ARTE

Colectiva: J. Bardasano, Laxeiro, Gregorio Prieto, R. Ubeda, J. Alcalde, M.ª Dans, etc., en VAN GOGH, de Vigo (de 11 a 1 e de 7 a 2).

Enry Gasso: pinturas. Hastra o 24 de xunio, na Caixa de Aforros de Vigo.

M. Alvarez Aristegui: pinturas. Dende o 23 de xunio na Nova Sala da Caixa de Aforros de Vigo.

Agra e Berride: «Ensaios de comunicación visual», fotomontaxes. Do 8 ao 23 de xunio, no MODUS VIVENDI, de Santiago.

Alumnos do Colexio de Xordos: distintos traballos artísticos. Na Aula de Cultura da Caixa de Aforros de Santiago (de 7 a 10).

Alumnos de MAESTRO MATEO: fotografía. Na Escola de Artes «Maestro Mateo», de Santiago (de 12 a 1,30 e de 7,30 a 9,30).

J. Ortuño e G. Micino: no «Hostal de los Reyes Católicos» de Santiago.

Gato: óleos e dibuxos. No «Pub Matisse», de Santiago (dende as 7,30).

Anselmo Lamela: pintura en acrílico e dibuxos. Hastra o 24 de xunio, na Galería de Arte ADRO, da Coruña (de 7,30 a 10).

Mostra de arquitectura modernista «A Coruña, 1900-1914». Organizada polo Colexio de Arquitectos de Galicia, na Caixa de Aforros de Galicia, da Coruña.

Antón García Tola: óleos. En ARABESQUE, da Coruña (de 7 a 10).

F. Gutiérrez Alonso: pintura. Dende o 22 de xunio, na Caixa de Aforros de Galicia, da Coruña.

Yoshiro Yachibana: Dende o día 15 de xunio, na sala CEIBE, da Coruña.

Ceferino Moreno: Na Galería GIANNINI, da Coruña (de 11,30 a 1,30 e de 6 a 9,30).

Luis G. Bernardo: óleos e dibuxos. Hastra o 25 de xunio, no Axuntamento do Ferrol (de 7 a 9,30 lab. e de 12 a 2 fest.).

Miguel A. Varela: óleos. Hastra o 24 de xunio na Sala AFFA, do Ferrol (de 6,30 a 9,30).

TEATRO

VI Mostra de Teatro Galego: Organiza ABRENTE. En Ribadavia, do 17 ao 25 de xunio. Representacións:.

Vernes, 23: «A albugarda», de X. González, polo grupo SEMENTE, ás 6. «O caixón» e «A gran candonga», colectivas do grupo AURIENSE, ás 8, «Laudamuco, señor de ningures», de R. Vidal, polo grupo ANTROIDO, ás 11.

Sábado, 24: «Divinas verbas», de Valle-Inclán, polo grupo XIADA, ás 6. «O mestre», de M. Lourenzo, polo grupo MALVEIRA, ás 8. «Ledaíñas pola morte do Meco», de R. Vidal, polo grupo AS TRAIÑAS, ás 11.

Domingo, 25: «De ti, de mín, de todos nós», de E. Ruibal, polo PEQUENO OBRADOIRO DE TEATRO GALEGO, ás 6. «Unha vez houbo un mundo novo», de C. Ledo, polo TEATRO CIRCULO DE PERLIO, ás 8. «Memorias de mortos e de ausentes», de R. Vidal, polo OBRADOIRO DE APRENDIZAXE TEATRAL ANTROIDO, ás 11..

ACTOS

Xornadas de Traballo da VI Mostra de Teatro Galego: nos locais de ABRENTE, en Ribadavia:.

Sábado, 24: ás 11 da mañá, Xuntanza Xeral de todos os grupos de teatro e persoas interesadas.

Domingo, 25: ás 11 da mañá, Mesa Redonda encol do Teatro Galego, coa intervención de J. Monleón («Triunfo»), M. Pérez Coterillo («Pipirijaina»), P. Berea (Euzkadi), C. Porto («Diário de Lisboa»), N. Avila («Opçao»), Tito Livio («Diário Popular», de Lisboa) e grupos de Teatro Galego.

Campaña de Cultura Galega: Do 11 ao 25 de xunio. En distintos puntos da parroquia de LODOSO-Monterroso (Lugo). Día 23, no Grupo Escolar de Monterroso, «A relixiosidade nos cruceiros», por X. Moreiras Santiso. Día 25: FESTIVAL POETICO-MUSICAL, en Lodoso, ás 8, ca actuación de «Fuxan os Ventos», «Treboada», Xoan Rubia, María Manoela, Paco Ledo.

Semán Cultural das Festas de San Xoan: En San Xoan de Filgueira (A Coruña). Día 23, ás 11 da noite, actuación do grupo musical «Arrabaldo». Día 24, ás 6, Concurso de Baile Galego entre grupos de colexios do Ferrol e a comarca. Día 25, ás 6, actuación de Suso Vaamonde e «Verbas xeltosas».

Festas de San Xoan: o día 24, en Becerreá, Guitiriz, Sarria,...

PUBLICACIONS

Braña. Boletín da Sociedade Galega de Historia Natural. Moi **recomendable.**

Nós, emigrantes. Polo fato de Poesía da A. C. «Lóstrego».

Ritmo. Revista musical.

A revista **RITMO,** no seu número de abril inclúe un artículo de R. Cartelle encol de Marcial do Adalid e un de L. Rodríguez Andrade encol dunha mesa redonda sobor de música e autonomía en Galicia. Pedidos a RITMO, Apdo. 342, Madrid.

LIBROS

O pensamento de Vicente Risco, de Antón Risco. Ed. Alvarellos.

Mundo, hombre y conocimiento en Amor Ruibal, filósofo gallego, de Barreiro Barreiro. Ed. Pico Sacro.

Morrer en Castrelo do Miño, de X. Fernández Ferreiro. Ed. do Castro.

Memorias dun neno labrego, de Neira Vilas. Ed. do Castro.

CONCURSOS

Premio de Pintura EUROPA: Convocado polo Centro Cultural de Ostende (Bélxica). Pra autores de 25 a 45 anos, con premios de hastra 756.000 pts. Información en: Centro Cultural de Ostende. Feesten Culturpaleis Wapenplein B. 8400. Ostende (Bélxica).

DISCOS

Adiós Nonino. Astor Piazzolla. CBS. S 80909.

Galicia canta. Sociedad coral polifónica de Pontevedra. EMI-Odeón J 048 20633.

Daniel Viglietti en vivo. Ariola 25615-I.

Seis obras de cinco compositores cataláns contemporáneos. Agrupación «Diabolus in musicae». Dtor. J. Guinjoan. Percusión: F. X. Joaquín. Flauta: Bárbara Held. Guitarra: Scott Wiley. EDA T-36.

RADIO

R.N.E.-Frecuencia modulada. II programa. Vernes, 23, ás 16 h.: «Rincones coruñeses», de R. de Santiago. Joaquín Parra, piano.

Xoves, 28, ás 16 h. «Nove cantigas» de Alfonso X. Atrium Musicae. Dtor.: Gregorio Paniagua.

FEIRAS E MERCADOS

Vernes, 23: Santa Cruz de Parga en LUGO. Maside e Verín en OURENSE. Dozón e Silleda en PONTEVEDRA.

Sábado, 24: Filgueira na CORUÑA. Monforte e Láncara en LUGO. Xunqueira de Ambía e Vilamartín en OURENSE.

Domingo, 25: Póboa de Brollón, Xove e Paradela en LUGO. Ribadavia en OURENSE e Mondariz en PONTEVEDRA.

Luns, 26: Santa Lucía e Benza na CORUÑA. Guimarei en LUGO. O Bolo en OURENSE.

Martes, 27: Quiroga e Sarria en LUGO. A Peroxa en OURENSE.

Mércoles, 28: Rois na CORUÑA. Lourenzá, Parga e Triacastela en LUGO. Bande, Montederramo e Viana do Bolo en OURENSE.

Xoves, 29: Navia de Suarna en LUGO. Celanova en OURENSE e Bandeira en PONTEVEDRA.

Pregamos ás Asociacións culturais, asociacións de veciños, círculos culturais, etc. nos comuniquen a programación de actos culturais e de todo tipo con quince días de antelación, co ouxeto de poder dar cumprida información. Moitas gracias.

FOLCLORE

Os pretos de Loiza Aldea xéilanlle a Sant-lago

Si o noso padroeiro Sant-lago chegou ou non a Galiza, é cousa que non val a pena nin pensar nin sopesar. Sant-lago, si non é unha realidade da nosa historia, é unha realidade da nosa cultura. Naceu no «campus stellae», pasou a Castela ú o rubiron nas costas dun cabalo e, coma precisaban de combatentes, déronlle espádoa e puxéronno, pola sua conta, a matar mouros. Pois que escomenzaba o nacional-catolicismo, e os mouros, por non ter dereito ao ceo, chegarían a ser mouriscos, pra que tampouco na terra o tivesen.

Pois xa, o noso Sant-lago cabaleiro, «en outo o aceiro», frotando aos áeres seu manto, veulles coma axuda aos conquistadores americanos. Nista illa de Puerto Rico non precisaron moita. Noutras terras, nin isa nos valeu. América era longa, a xente pouca e o feito fol non pouco. Coma os españoles tiñan máis anceios de loitar que de traballar, viñeron os pretos da Africa facer o que iles non facían. Trouxeron a sua cultura, suas creenzas, suas soidades, músicas e danzas.

Iles remediaban, os probes, dise xeito, o seu moito penar. A vida era aceda. Nas ánimas e outros espritos achaban consolos. Cantos, danzas e músicas axudaban á precisa comunicación antre eles co alén. E nista

illa, de poucos pretos, fíxose unha comunidade diles en Loiza Aldea. No nordeste. Pertiño desta cidade de San Juan. E recibiron dos españoles a Sant-lago por padroeiro e, coma nós, fanlle sua festa, o día 25 de xulio.

O que de seguro non maxinaron os conquistadores foi que o Santo, do branco e brilante aceiro, do branco e lustroso poldro, que tén debaixo os mouros vencidos, tería unhas procesións nas que lle van á radeira negriños que visten pantasías de bruxas ou cousas piores e danzan uns bailes folklóricos que lle chaman «bombas», ao ritmo candente ou fervente dos tamborins africanos. E ise Sant-lago non está no ceo cristiano, senón noutro, complicado pra nós, ú il, busca e acha «cabalo» humano que «montan», pra amosarse aos seus fideles. Xa o poldro e o aceiro lle sirven pra ren, fora da nota colorista da procesión, e dos pretos que coma bruxo o chaman e imploran. E inda hoxe évos eisí.

Somentes que o grupo «Areito» de bailados portorricanos, que dirixe a selecta Irene McLean, levounos ás táboas nun «ballet» de Sant-lago que sería moi preciada xoia nos galegos de Rey de Viana e decote unha esótica mostra, na verde e loura Galiza. Que todo poidera ser. Pois coma bailaron en Puerto Rico muiñeiras os mozos de Coros e Danzas da Cruña, ben poideran bailar as moreniñas de Puerto Rico, suas «bombas» no adro da catedral de Sant-lago, si é que non se escandaliza o señor arcebispo. E aínda que.

XOSE M.ª GARCIA-RODRIGUEZ

CRUCIGRAMA

DARIO XOHAN CABANA

HORIZONTAIS

1.—Lugar ao sol. 2.—Toma un líquido. Entregara. 3.—Preposición. Tres. Tecido. 4.—Deixar no chan. Organo auditivo. 5.—Camiño urbano. Cheo, mantido. Recipiente de barro. 6.—Ao rovés, sebo do porco. Posesivo. Obstrúe. 7.—Terreo onde se fai a festa. Remates, acabamentos. 8.—Mandato. Atmósfera. 9.—Ao rovés, asólao, destrúeo.

VERTICAIS

1.—Mais. 2.—Estremidade dun animal. 3.—Metendo bruído. 4.—Ringleiras, renques. Berro. 5.—Preposición latina. Ao rovés, nota musical. Composición poética. 6.—Traballos nunha xornada. Esistes. 7.—Vía pública. 8.—Parvo, estúpido. Outra maneira de decir «aire». 9.—Nota musical. Letra grega. Letras de «fire». 10.—Ao rovés, vólvese tolo. 12.—Plantas hortenses. 13.—Organización terrorista.

SOLUCIONS AO CRUCIGRAMA DO NUMERO 21:

HORIZONTAIS: 1.—Zocos. 2.—Ron. 3.—Aunar. 4.—P. Amoscar. L. 5.—Reno. Eu. Aba. 6.—Aparellador. 7.—Tan. Ll. Sine. 8.—O. Atúente. S. 9.—Adlea. 10.—Ira. 11.—Brosa.

ANUNCIOS DE BALDE

Grupo de teatro en formación precisa obras, preferentemente en galego e nas que se trate o problema colonial. Dirixirse a: **Berta L. Albino Lomba, Rúa de Barcelona, 83 - 1.º B, Vigo.**

Desexo establecer correspondencia pra practicar o idioma. **Carlos Cancelo. Avda. do Exército, 31 - 9.º C. A Coruña.**

Intercambeo pegatinas de Galicia por pegatinas de Euskadi (sobor de todo de organizacións patrióticas). Por cada unha mandaréi polo menos outra. **M. Landerra Aguirre. Calzadas de Mallona 9, 2.º D. Bilbao (Bizkaia).**

Prá realización da película sobor da «XORNADA PREAUTONOMICA DE GALICIA», pregamos a poseedores de material rodado en super 8 mm. encol dese día, se poñan en rápido contacto con **Manuel Curiel Fdez. Germán Alonso, 4-4.º. Lugo.**

Merco GAITA de segunda man en bon estado (pra uso). Interesados dirixirse a **Santa Clara, 2, Santiago.** Preguntar por **Xaquín.**

Quixera enterarme onde mercar un diccionario da nosa lingua. Contestar a «A NOSA TERRA» ou a **Narciso Rivas, Gº Cardoso 8. Madrid - 18.**

CARTAS

CERTAS ACTITUDES...

Eu quero falar dunha actitude que teñen os mozos que están nas Universidades (sobor de todo, na de Santiago), e voulles decir:

Eles, (os rapaces) cando están na universidade, falan galego, cousa que vexo ben e normal, xa que é o idioma da nosa nación; pero o que xa non vexo ben, é que cando veñen ás suas casas, troquen o galego polo castelán, xa porque a familia fale castelán ou por outras razóns.

A cousa é que eles esquéncense do galego hastra que voltan prá Universidade.

O que eu lles quería decir, (e agora falándolles directamente a eles, xa que sei que len este xornal), é que falasen galego a cotío, na universidade e onde sexa; porque os mozos que están agora na Universidade, van ser os homes que logo dirixan a nosa nación, e é bó que xa sexan galegos en todos os intres da vida, dende mozos, pra que despois non aconteza o de sempre, e é que cando veñen os nosos paisanos das aldeas ás vilas, sempre son os paisanos os que se rebaixan a falar en castelán por medo a que o que lle pregunte non fale galego. Se unha persoa pregunta en galego, temos o costume de respostarlle en castelán, e esto non tén que ser así.

E pasando a outra cousa, eu tamén vexo ben o de lusizar o galego, xa que nós non temos ren co castelán e sí co portugués, e amais disto, parez que os dirixentes do Estado Español non queren saber nada de nós.

Se poden publicar a carta quedaríalles moi agradecida, pero antes corríxanme a carta, xa que reconozo os meus erros, e é que teño moitos castelanismos.

Saúdos, e hastra outra millorada.

LOLA MARTINEZ
A Cruña

REVISTA DE NENOS

Amigos de A NOSA TERRA:

Co permiso de vosoutros, voume dirixir aos lectores do periódico.

Amigos lectores do periódico: ¿Sabedes que esiste unha revista infantil e xuvenil chamada Vagalume?

Se algún día ledes ista fermosa revista, estou seguro que, a maioría dos pais que tendes fillos, suscribiríadesvos a ela.

Como é normal, a revista atópase en situación precaria en canto aos recursos económicos. Edítanse dez mil exemplares, que se por un lado é unha cifra importantísima, por outro non chega pra que a revista poda vivir sin axuda, a tua axuda, a miña e a de todos os galegos que cavilamos no futuro do noso idioma. Pois se é importante un periódico en Galego pra adultos, tan importante, polo menos, é unha publicación pra nenos, xa que iles son o futuro de calquera país.

Os enderezos da revista son: Benito Corbal, 36-1.º - Dta. PONTEVEDRA

Atentamente,
XOSE RAMON RODRIGUEZ FERNANDEZ
Penaxubeira-Rubián de Cima (Lugo)

OS PRESOS SOCIAIS

Sra. Directora:

Esta carta tén como obxetivo principal dar a entender por qué moitos dos presos sociais están nas cárceles, cal é o motivo, dende o meu punto de vista.

Os datos que saen nos xornais sobre a «delincuencia» xuvenil, a uns escandalízaos, a outros estránalles. A min paréceme normal que unha sociedade como a nosa teña tan alto número de «delincuentes», porque é unha sociedade hipócrita, hostil, represiva, está podre, porque é unha sociedade capitalista.

Non, éste non é o mal dos países en «vías de desarrollo» é un mal da sociedade capitalista. Delitos contra a moral, contra o sexo, contra a propiedade... non debe de ser estrano onde:

—Non é normal, nin ético, polo que é anormal: as relacións sexuais libres, os pelos largos, o non deixar asento a unha señorita, o ser ateo e non ir á misa... pero é perfectamente normal, ético e moral o que milleiros de homes e mulleres señan analfabetos, e o fillo do peón teña que ser peón, e que poucos teñan moito, e moitos teñan pouco.

—Onde o sexo é á vez pecado e comercio, as relacións sexuais se falsean, e esiste a máis noxenta das pornografías.

—Onde o único que se espera dos mozos é que cheguen a ser homes de «proveito» pra outros.

—Nunha sociedade na que os dioses son o individualismo, o lucro, a competencia e o diñeiro. Que manda o máis forte e o máis forte é o que máis tén.

Nunha sociedade capitalista, non me estrana a «delincuencia xuvenil». Pero chegará o día onde as cousas se vexan claras, e a mocedade comprenda os problemas. Daquela toda a anerxía terá de unirse ao pobo pra derrubar esta sociedade, e erguer outra máis humana, solidaria, ceibe, socialista, anti-imperialista, anti-colonialista.

Daquela, señores capitalistas, os «delincuentes» pasaranlle as contas.

Moi atentamente, saúdalle unha asidua lectora do seu xornal, co cal estou completamente dacordo, tanto a nivel político como cultural.

MARIA XOSE BLANCO
Euzkadi

A NOSA TERRA

O SAN XOHAN EN OUTEIRO DE REI DA TERRA CHA

MANUEL MARIA

A noite de San Xohán é un mundo máxico e poético. Esa noite andan soltas e ó seu antoxo tódalas fadas e trasnos. Incruso as meigas non lle poden facer mal a ninguén. Na noite de San Xohán as meigas voltanse boas ou, polo menos, non poden ser ruís. Precisamente pra que as meigas non poidan entrar nas casas poñíanse nas veiras do lousado, amarradas con pedras, herbas recendentes, espadanas, palitroques, fiunchos, anís, xarxa, romeo, sabugueiro, herba abelleira que alí quedaban penduradas, murchando pouco a pouco.

Os elementos esenciales sobor dos que xira todo o engado sanxuaneiro son, fundamentalmente, dous: a auga e o lume. Ambos a dous teñen un senso purificador. A auga que lava as impurezas e o lume que as destruie.

Tódolos ritos do San Xohán, o seu siñificado e a literatura popular desta data están recollidas en obras especializadas. Pra iniciarse no tema son recomendables os libros **Etnografía Galega,** de Taboada Chivite, **Supersticiones de Galicia,** de Xesús Rodríguez López. E xa pra afondar no tema a **Etnografía,** de Vicente Risco, que forma parte do tomo I da **Historia de Galiza** que dirixira Otero Pedraio, editada por «Nós» de Buenos Aires, no ano 1962.

En Outeiro de Rei da Terra Chá —que é a miña propia tribu— celébrase o San Xohán con certo esplendor. Non se traballa e tense como día santo porque San Xohán é o patrón da parroquia. Dende a media tarde os rapaces e os mozos íbamos arramplar leña de onde se podía e sin respeto á propiedade privada. Ningún veciño tomaba a mal estas «espropiacións». Os pechos da noite, dediante de cada casa, aínda das máis probes, alcendíase o lume novo no que se queimaban couceiros secos e a palla dos nabos da semente. Os mozos e rapaces da casa brincabamos por derriba da lumarada. E así se andaba de lume en lume novo.

Sobor das once da noite, ou cecais antes, alcendíase o lume novo de toda a parroquia, dediante do axuntamento. Estaban presentes prácticamente tódolos veciños. A lumarada era enorme. Cando as chamas comenzaban a devecer, os mozos máis arriscados principiaban a brincar sobor do lume novo, pegando berros e aturuxos. Case tódolos anos se botaba unha boa cantidade de foguetes, feitos polo fogueteiro da parroquia, o señor Xesús de Outón. O sentir os estalos, os de Astariz, que é unha parroquia lindante que está da outra banda do Miño, na que había tamén un fogueteiro de oficio, respostaban con foguetes. A xente das duas parroquias andaba a porfía a ver cal dos dous fogueteiros facía foguetes máis potentes. Aínda que o fogueteiro de Astariz non era malo, a verdade é —e non me cega a paixón tribal— que mellor fogueteiro era o señor Xesús de Outón. Neste grande lume novo parroquial, ademais da leña socializada, ardían aveños de labranza vellos, cancelas inservibles, etc. Coido que este é o rito de purificación polo lume. A lumeirada quedaba ardendo toda a noite. O remol conservaba as brasas acesas perante varios días.

Cando o lume novo comenzaba a esmorecer e os vellos se iban deitar, a mocedade comenzaba a facer trasnadas: collían un carro e levabano lonxe da casa do dono, abrían as carrilleiras, escribíanlle ós veciños os alcumes nas portas das casas, mudaban as tornas das augas dos prados, atrancaban os camiños con grades, carros e arados, poñían a andar os muíños roulós e incruso mudaban os marcos que separaban os eidos.

O día de San Xohán nosa nai facíanos erguer ó raiar o día pra ver bailar o sol. Nós agardabamos no corredor da casa a saída do sol, ollando moi atentos e coa boca aberta como papós. Denantes lavábanos con «auga de rosas». A nai, de víspora, deixaba fora unha palangana con auga limpa, na que botaba rosas desfolladas, froles de sabugo, palitroques ou estaloques, anacos de espadana e outras herbas que había na horta da nosa casa. Esta «auga de rosas» tomaba o «orballo da noite de San Xohán». E nela se lavaba toda a familia deloutro día, ó mencer. Era, non cabe dúbida, o rito purificador pola auga.

Tamén ó día de San Xohán, moi de mañanciña, facíase pasar ó gando sobor da borralla do lume novo, pra preservalo de enfermedás. Tíñase moito tino pra que os animás tripasen a borralla coas catro patas. Había veciños que os facían pasar tres veces arreo.

Por remate era tamén costume deixar un ovo aberto a noite de San Xohán nunha botella ou nun vaso de vidro ben trasparente. Deloutro día, de mañanciña, o ovo tomara a forma dun barco. Tenme chamado moito a atención esta tradición. Teño cavilado si non estará relacionada co romance do Conde Arnaldos.

O tempo da miña nenez e adolescencia vai quedando lonxe. Dos rapaces que brincaron comigo por riba do lume novo case non queda ningún na parroquia. Hai moitos anos que non vou a Outeiro de Rei polo San Xohán e non sei como fan hoxe o lume novo. E non quero perguntalo. Prefiro gardar na miña lembranza o lume novo dos días da miña mocedade.